

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA

6º ED. PRIMARIA

CEIP FONTES-BAÍÑA (BAIONA)

Curso: 2021-22

ÍNDICE

- 1. Introducción e contextualización.**
- 2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.**
- 3. Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.**
- 4. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable de:**
- 5. Temporalización.**
- 6. Grao mínimo de consecución para superar a materia.**
- 7. Procedementos e instrumentos de avaliación.**
- 8. Concrecións metodolóxicas que require a materia.**
- 9. Materiais e recursos didácticos.**
- 10. Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**
- 11. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**
- 12. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

13. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

14. Medidas de atención a diversidade.

15. Concreción dos elementos transversais que se traballaran no curso que corresponda.

16. Actividades complementarias e extraescolares

17. Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

18. Plans de reforzo e/ou recuperación de materias pendente

19. Plan de intervención PT – AL de cada alumno/a.

20. Programación Didáctica INGLÉS

21. Programación Didáctica ED. FÍSICA

22. Programación Didáctica ED. MUSICAL

23. Programación Didáctica RELIXIÓN CATÓLICA/ VALORES

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A presente programación didáctica está deseñada para o alumnado de 6º de primaria do curso académico 2021/22.

Dita programación enmárcase en dous proxectos de centro, un deles desenvolve o tema da **igualdade** “**A IGUALDADE: UN MAR DE OPORTUNIDADES**” o o outro a **ecoloxía**. Para dar cohesión a estes dous proxectos do centro, dende a aula integraranse nun proxecto interdisciplinario titulado “**As ECOLimpiadas**” que desenvolverá estas dúas temáticas tan importantes da nosa sociedade.

O centro no cal se vai a levar a cabo a programación presente é o CEIP FONTES – BAÍÑA, sito no concello de Baiona, máis concretamente na parroquia de Baíña, no lugar de Fontes, na rúa Fontes nº 16.

Falamos dun CEIP, que conta con 9 unidades, 6 de Educación Primaria e 3 de Educación Infantil

A súa fundación data do ano 1.980, ao longo de destes anos foi minguando, tanto o número de mestres (hoxe en día conta cun claustro de 17 mestres/as) como de alumnos.

Está nun entorno rural, e o nivel socioeconómico das familias é medio – baixo, estando empregadas a maior parte delas no sector servicios, así como tamén no marítimo-pesqueiro.

Por outra banda, é importante sinalar que a súa elaboración ampárase baixo a lexislación educativa vixente:

- Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE)

- Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa
- Real Decreto-ley 5/2016, de 9 de diciembre, de medidas urgentes para la ampliación del calendario de implantación de la Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da educación primaria.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 374/1996, de 17 de outubro, por el que se aprueba el reglamento orgánico de las escuelas de educación infantil y de los colegios de educación primaria.
- Decreto 229/2011, de 7 de diciembre, por el que se regula la atención a la diversidad del alumnado de los centros docentes de la comunidad autónoma de Galicia.
- Decreto 8/2015, de 8 de enero, por el que se desenvuelve la Ley 4/2011, de 30 de junio, de convivencia y participación de la comunidad educativa en materia de convivencia escolar.
- Decreto 79/2010, del 20 de mayo, para el plurilingüismo en la enseñanza no universitaria de Galicia
- Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato.
- ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2021/22 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Conforme estipula o artigo 2.1.a) do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, enténdese por currículo a regulación dos elementos que determinan os procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das ensinanzas e etapas educativas.

De acordo coas definicións recollidas no artigo 2.1 do citado real decreto e consonte o disposto no artigo 6.2 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, o currículo estará integrado polos seguintes elementos:

- **Competencias:** capacidades para aplicar de forma integrada os contidos propios da etapa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos.

De acordo co previsto no artigo 2.2 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, identifícanse sete competencias para o seu desenvolvemento na educación primaria:

- Competencia comunicación lingüística
 - Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
 - Competencia dixital
 - Competencia aprender a aprender
 - Competencias sociais e cívicas
 - Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor
 - Competencia conciencia e expresións culturais
- **Obxectivos:** logros que o alumno debe alcanzar ao finalizar esta etapa, como resultado das experiencias de ensino-aprendizaxe intencionalmente planificadas para iso.
 - **Contidos:** conxunto de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen á adquisición das competencias e ao logro dos obxectivos da etapa educativa. Nesta etapa, os contidos organízanse en áreas.

- **Criterios de avaliación:** son o referente específico para avaliar a aprendizaxe dos alumnos. Describen o que se quere valorar e o que os alumnos deben lograr tanto en coñecementos como en competencias; responden ao que se pretende conseguir en cada área.
- **Estándares de aprendizaxe avaliáveis:** especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe e que concretan o que o alumno debe comprender e saber facer en cada área. Deben ser observables, medibles e avaliáveis, e permitir graduar o rendemento ou logro alcanzado. O seu deseño debe contribuír e facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.
- **Metodoloxía didáctica:** conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas polo profesorado, de maneira consciente e reflexiva, coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos propostos.

Consonte o disposto no artigo 18.1 da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, a Educación Primaria organízase en áreas que teñen carácter global e integrador.

De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, na Educación Primaria as materias agrúpanse en tres bloques: materias troncais, materias específicas e materias de libre configuración autonómica.

De acordo co disposto no artigo 8.2 do citado real decreto, o alumnado cursará as seguintes áreas do bloque de **materias troncais** en cada un dos cursos de Educación Primaria:

- a) Ciencias da Natureza.
- b) Ciencias Sociais.
- c) Lingua castelá e literatura.

d) Matemáticas.

e) Primeira lingua estranxeira.

Do bloque de disciplinas específicas, os alumnos e as alumnas deben cursar en cada un dos cursos as seguintes áreas:

a) Educación física.

b) Relixión, ou Valores sociais e cívicos, a elección de pais, nais ou das persoas que exerzan a tutoría legal.

c) Educación artística.

De acordo co DECRETO 105/2014, de 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia no bloque de disciplinas de libre configuración autonómica, os alumnos e as alumnas deben cursar a área de Lingua galega e literatura, que terá un tratamento no centro análogo á de Lingua castelá e literatura, de xeito que se garanta a adquisición das correspondentes competencias lingüísticas e a adecuada distribución segundo o establecido no artigo 6 do Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario.

Os centros docentes poderán dedicar as horas de libre configuración do centro ao afondamento e/ou reforzo dalgunha das áreas contempladas neste artigo. Así mesmo, poderán optar por establecer outra ou outras áreas que determine o centro, segundo o seu proxecto educativo e previa autorización da consellería competente en materia educativa. En todo caso, respectarase o tratamento análogo das linguas cooficiais e os criterios de equilibrio establecidos no Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario. Neste curso a área de libre configuración será Francés.

2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

Tomando como base a lexislación educativa anteriormente citada, as competencias clave que se traballan por medio desta programación son:

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía (CMCCT)
- Competencia comunicación lingüística (CCL)
- Competencia Dixital (CD)
- Competencia Aprender a Aprender (CAA)
- Competencia Social e Cívica (CSC)
- Competencia Sentido de la Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)
- Competencia Conciencia y Expresións Culturais (CCEC).

No seguinte recadro, podemos comprobar a relación entre os estándares do currículo e as competencias clave, conformando os perfís competenciais, polo que facilmente poderíamos cualificar cada unha delas de forma absolutamente independente.

PERFIL COMPETENCIAL DA COMPETENCIA CLAVE: MATEMÁTICA, CIENCIAS E TECNOLOXÍA	
Área	Estándares prioritarios
CN	6º-CNB2.3.1 - Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.
CN	6º-CNB2.3.4 - Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).
CN	6º-CNB4.2.2 - Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.
CS	6º-CSB2.1.1 - Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.
CS	6º-CSB3.2.2 - Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.
EP	6º-EPB3.2.1 - Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.
LG	6º-LGB2.2.1 - Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña.

MT	6º-MTB2.9.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
MT	6º-MTB5.2.3 - Realiza e interpreta gráficos moi sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais, con datos obtidos de situacións moi próximas

PERFIL COMPETENCIAL DA COMPETENCIA CLAVE: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	
Área	Estándares prioritarios
CN	6º-CNB1.1.1 - Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.
CN	6º-CNB1.1.2 - Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.
CS	6º-CSB1.2.2 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
CS	6º-CSB1.4.1 - Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.
LC	6º-LCB1.1.1 - Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos segundo o grao de formalidade e a finalidade (académica, social e lúdica).
LC	6º-LCB1.6.3 - Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias.
LC	6º-LCB2.1.1 - Le en voz alta, con precisión, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.
LC	6º-LCB2.2.2 - Comprende, con certo grado de detalle, diferentes tipos de textos atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos).
LC	6º-LCB2.4.4 - Elabora esquemas a partir de textos expositivos.

LC	6º-LCB3.7.1 - Planifica e redacta textos seguindo uns pasos: planificación, redacción, revisión e mellora. - Determina con antelación como será o texto, a súa extensión, o tratamento autor/a- lector/a e a presentación. - Adapta a expresión á intención, tendo en conta ao interlocutor e o asunto de que se trata. - Presenta os escritos con limpeza, claridade, precisión e orde os escritos. - Reescribe o texto.
LG	6º-LGB1.1.2 - Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral, distinguindo a información da opinión.
LG	6º-LGB1.7.1 - Planifica e elabora un discurso oral coherente, sen contradicións nin repeticións innecesarias, utilizando un vocabulario adecuado á súa idade.
LG	6º-LGB2.3.3 - Realiza o resumo dun texto.
LG	6º-LGB2.7.3 - Le textos en voz alta con ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.
LG	6º-LGB3.2.3 - Elabora diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos) adaptando a linguaxe ás características de cada xénero.
MT	6º-MTB2.9.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construindo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
PLE	6º-PLEB1.5 - Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.
PLE	6º-PLEB2.1 - Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que

	Ile interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.
--	---

PERFIL COMPETENCIAL DA COMPETENCIA CLAVE: COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA	
Área	Estándares
CN	6º-CNB1.2.1 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.
CS	6º-CSB1.9.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
EF	6º-EFB1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
EM	6º-EMB3.1.5 - Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial e temporal.
EP	6º-EPB2.5.1 - Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.
LC	6º-LCB5.4.1 - Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.
LG	6º-LGB3.4.2 - Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.

MT	6º-MTB2.9.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu uso.
PLE	6º-PLEB2.1 - Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.

PERFIL COMPETENCIAL DA COMPETENCIA CLAVE:

COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER

Área	Estándares
EF	6º-EFB4.1.1 - Representa personaxes, situacións, ideas, sentimentos, utilizando os recursos expresivos do corpo individualmente, en parellas ou en grupos.
EM	6º-EMB3.1.3 - Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico e cultural.
EP	6º-EPB2.1.4 - Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.
LC	6º-LCB5.4.1 - Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.
LG	6º-LGB5.4.1 - Recrea e compón poemas e relatos, a partir de modelos dados, para comunicar sentimentos, emocións, estados de ánimo, lembranzas.

PERFIL COMPETENCIAL DA COMPETENCIA CLAVE: COMPETENCIA EN SENTIDO DE INICIATIVA E ESPÍRITO EMPRENDEDOR	
Área	Estándares
CN	6º-CNB1.4.1 - Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
CS	6º-CSB1.9.2 - Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.
EF	6º-EFB1.3.2 - Demostra autonomía e confianza en diferentes situacións, resolvendo problemas motores con espontaneidade e creatividade.
EP	6º-EPB3.1.13 - Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.
LC	6º-LCB3.1.3 - Escribe diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero, seguindo modelos, encamiñados a desenvolver a súa capacidade creativa na escritura.
LG	6º-LGB3.4.2 - Escribe textos breves de carácter creativo con certa riqueza léxica.
MT	6º-MTB5.5.2 - Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.

PERFIL COMPETENCIAL DA COMPETENCIA CLAVE: COMPETENCIA DIXITAL	
Área	Estándares
CN	6º-CNB1.4.2 - Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.
CS	6º-CSB1.2.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.
CS	6º-CSB1.2.2 - Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.
EM	6º-EMB2.3.1 - Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais.
LC	6º-LCB2.9.1 - Utiliza os medios informáticos para obter información.
LC	6º-LCB3.8.1 - Usa con eficacia Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir, presentar os textos e buscar información, crear táboas e gráficas.
LC	6º-LCB4.5.1 - Utiliza distintos programas educativos dixitais como apoio e reforzo da aprendizaxe.
LG	6º-LGB3.5.1 - Usa as TIC na procura de información ou para consultar o dicionario.
LG	6º-LGB3.5.2 - Emprega procesadores de textos de maneira autónoma.
LG	6º-LGB3.5.4 - Utiliza as TIC para realizar presentacións.

PERFIL COMPETENCIAL DA COMPETENCIA CLAVE: COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICAS	
Área	Estándares
CN	6º-CNB1.3.1 - Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.
CS	6º-CSB1.10.1 - Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.
EF	6º-EFB2.1.1 - Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.
EM	6º-EMB1.3.1 - Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais.
EM	6º-EMB3.1.7 - Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas.
EP	6º-EPB2.5.3 - Amosa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.
LC	6º-LCB1.1.4 - Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.
LC	6º-LCB1.3.4 - Participa activamente e de forma construtiva nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.

LG	6º-LGB1.5.1 - Escoita atentamente as intervencións dos e das demais en actos de fala orais, sen interromper.
LG	6º-LGB1.6.2 - Respecta as opinións das persoas participantes nos intercambios orais e é consciente da posibilidade de empregar a lingua galega en calquera intercambio oral dentro da escola ou fóra dela.
LG	6º-LGB1.6.5 - Participa activamente na conversa formulando e contestando preguntas.
PLE	6º-PLEB5.3 - Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).

3. CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE:

ÁREA DE MATEMÁTICAS

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Describir e analizar situacións de cambio para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.1.1. Realiza predicións sobre os resultados esperados, utilizando os patróns e leis encontrados, analizando a súa idoneidade e os erros que se producen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Realizar e presentar informes sinxelos sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.2.1. Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases do mesmo, valorando os resultados e as conclusións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSIEE ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Planificar e controlar as fases do método de traballo científico en situacións apropiadas ao seu nivel. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.3.1. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten, en situacións a resolver, en contextos numéricos, xeométricos ou funcionais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.4.1. Propón a resolución de retos e problemas coa precisión, co esmero e co interese apropiado ao nivel educativo e a dificultade da situación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA

	<ul style="list-style-type: none">▪ B1.3. Confiar nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.		<ul style="list-style-type: none">▪ MTB1.4.2. Desenvolve e aplica estratexias de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios) para crear e investigar conxecturas e construír e defender argumentos.	<ul style="list-style-type: none">▪ CMCT▪ CCL▪ CAA
--	--	--	---	--

<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Superar bloqueos e inseguridades ante resolución de situacións descoñecidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.5.1. Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.5.2. Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CSIEE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g ▪ i 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico. ▪ B1.4. Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. ▪ B1.5. Integración nas tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de aprendizaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB1.6.1. Realiza un proxecto, elabora e presenta un informe creando documentos dixitais propios (texto, presentación, imaxe, vídeo, son...), buscando, analizando e seleccionando a información relevante, utilizando a ferramenta tecnolóxica axeitada e compartindo cos seus compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CD ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE

BLOQUE 2. NÚMEROS

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Números enteiros, decimais e fraccións. ▪ B2.2. A numeración romana. ▪ B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. ▪ B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras. ▪ B2.5. Equivalencias entre os elementos do 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.1. Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCEC
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.1.2. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL

	<p>sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras. ▪ B2.7. O número decimal: décimas, centésimas e milésimas. ▪ B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica. ▪ B2.9. Os números decimais: valor de posición. ▪ B2.10. Números positivos e negativos. ▪ B2.11. Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo. 			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números. ▪ B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. ▪ B2.12. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo. ▪ B2.8. Fraccións propias e impropias. Número mixto. Representación gráfica. ▪ B2.9. Os números decimais: valor de posición. ▪ B2.13. Redondeo de números decimais ás décima, centésima ou milésima máis próxima. ▪ B2.10. Números positivos e negativos. ▪ B2.14. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.2.1. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas), utilizando razoamentos apropiados e interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.15. Fraccións equivalentes, redución 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Realizar operacións e cálculos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.3.1. Reduce dúas ou máis fraccións a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT

	<p>de dúas ou máis fraccións a común denominador.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.13. Redondeo de números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. ▪ B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións. 	<p>numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>común denominador e calcula fraccións equivalentes.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.3.2. Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima. ▪ MTB2.3.3. Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.15. Fraccións equivalentes, redución de dúas ou máis fraccións a común denominador. ▪ B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.4. Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se usan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo mental, tanteo, estimación e calculadora). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.4.1. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.18. Estimación de resultados. ▪ B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. ▪ B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.5. Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.5.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. ▪ MTB2.5.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. ▪ MTB2.5.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CMCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade. ▪ B2.21 Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división. ▪ B2.22. Potencia como produto de factores iguais. Cadrados e cubos. Potencias de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.6. Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará (algoritmos escritos, cálculo 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.6.1. Calcula cadrados, cubos e potencias de base 10. ▪ MTB2.6.2. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CMCT

	<p>base 10.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.23. Identificación e uso dos termos propios da división. ▪ B2.20. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais. ▪ B2.24. Operacións con fraccións. ▪ B2.25. Operacións con números decimais. ▪ B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división. 	<p>mental, tanteo, estimación, calculadora), usando o máis adecuado</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.6.3. Realiza operacións con números decimais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.6.4. Aplica a xerarquía das operacións e os usos da paréntese. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.16. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións. ▪ B2.27. Porcentaxes e proporcionalidade. ▪ B2.28. Expresión das partes utilizando porcentaxes. ▪ B2.29. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. ▪ B2.30. Aumentos e diminucións porcentuais. ▪ B2.31. Proporcionalidade directa. ▪ B2.32. A regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade. ▪ B2.33. Resolución de problemas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.7. Iniciar o uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.7.1. Calcula e utiliza as porcentaxes dunha cantidade para expresar partes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.7.2. Establece a correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.7.3. Calcula aumentos e diminucións porcentuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.7.4. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa: lei do dobre, triplo, metade, para resolver problemas da vida diaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.7.5. Resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa, explicando oralmente e por escrito o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.17. Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.8. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.8.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA

	<p> Criterios de divisibilidad.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.18. Estimación de resultados. ▪ B2.26. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división. ▪ B2.34. Automatización de algoritmos. ▪ B2.35. Descomposición de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa. ▪ B2.36. Descomposición de números naturais atendendo o valor de posición das súas cifras. ▪ B2.37. Construción de series ascendentes e descendentes. ▪ B2.38. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado. ▪ B2.39. Obtención de todos os divisores de calquera número menor de 100. ▪ B2.40. Descomposición de números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras. ▪ B2.41. Cálculo de tantos por cen en situacións reais. ▪ B2.42. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental. ▪ B2.43. Utilización da calculadora. 	<p>tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.</p>	<p>de números (naturais, enteiros, decimais e fraccións).</p>	
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.8.2. Descompón de forma aditiva e de forma aditivo- multiplicativa, números menores de un millón, atendendo o valor de posición das súas cifras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.8.8. Calcula todos os divisores de calquera número menor de 100. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.8.9. Calcula o mcm e o mcd. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.8.10. Descompón números decimais atendendo ao valor de posición das súas cifras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.8.11. Calcula tantos por cen en situacións reais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.8.12. Elabora e emprega estratexias de cálculo mental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.19. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. ▪ B2.44. Resolución de problemas da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.9. Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB2.9.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as súas consecuencias e a conveniencia do seu 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CCL ▪ CSIEE

		problemas.	uso.	
			<ul style="list-style-type: none"> MTB2.9.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA CCL CSIEE
BLOQUE 3. MEDIDA				
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> b e g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.2. Realización de medicións. B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida. 	<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Escoller os instrumentos de medida máis pertinentes en cada caso, estimando a medida de magnitudes de lonxitude, capacidade, masa e tempo facendo previsións razoables. 	<ul style="list-style-type: none"> MTB3.1.1. Estima lonxitudes, capacidades, masas, superficies e volumes de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida, explicando de forma oral o proceso seguido e a estratexia utilizada. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CCL CAA
			<ul style="list-style-type: none"> MTB3.1.2. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais, elixindo a unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT CAA
<ul style="list-style-type: none"> g 	<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada. B3.6. Comparación de superficies de figuras planas por superposición, 	<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Operar con diferentes medidas 	<ul style="list-style-type: none"> MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa. 	<ul style="list-style-type: none"> CMCT

	descomposición e medición. ▪ B3.7. Sumar e restar medidas de		▪ MTB3.2.3. Compara e ordena medidas	▪ CMCT
--	---	--	--------------------------------------	--------

	lonxitude, capacidade, masa, superficie e volume.		dunha mesma magnitude.	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Explicación oral e escrita do proceso seguido e da estratexia utilizada en calquera dos procedementos empregados. ▪ B3.9. Equivalencias entre as medidas de capacidade e volume. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Utilizar as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados en unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido e aplicándoo á resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.4.1. Coñece e utiliza as equivalencias entre as medidas de capacidade e volume. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.4.2. Explica de forma oral e por escrito os procesos seguidos e as estratexias utilizadas en todos os procedementos realizados. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCL ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.4.3. Resolve problemas utilizando as unidades de medida máis usuais, convertendo unhas unidades noutras da mesma magnitude, expresando os resultados nas unidades de medida máis axeitadas, explicando oralmente e por escrito o proceso seguido. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. O sistema sesaxesimal. ▪ B3.11. O ángulo como unidade de medida dun ángulo. Medida de ángulos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.5.1. Resolve problemas realizando cálculos con medidas angulares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Resolución de problemas de medida. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Identificar e resolver problemas da vida cotiá adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB3.6.1. Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT ▪ CAA ▪ CSIEE

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Posicións relativas de rectas e circunferencias. ▪ B4.2. Ángulos en distintas posicións: consecutivos, adxacentes, opostos polo vértice... ▪ B4.3. Sistema de coordenadas cartesianas. Descrición de posicións e movementos. ▪ B4.4. A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ MTB4.1.1. Identifica e representa posicións relativas de rectas e circunferencias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCT
6º-EPB1.1.3 - Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.	Antes de comezar unha composición é quen de observar e reflexionar sobre a súa elaboración.	X	X	X
6º-EPB1.1.4 - Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.	É quen de recoñecer algúns materiais e recursos plásticos.	X	X	X
6º-EPB1.1.5 - Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.	Recoñece algunhas formas xeométricas do seu contorno	X	X	X
6º-EPB1.1.6 - Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.	Dáse conta das posibilidades de materiais, texturas, formas e cores, pero amosa algunha dificultade á hora de aplicarlas.	X	X	
6º-EPB1.2.1 - Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).	Comeza a utilizar a terminoloxía axeitada na análise das imaxes	X	X	X

6º-EPB1.2.2 - Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.	Recoñece a evolución da fotografía e valora as posibilidades que proporcionan as novas tecnoloxías.	X	X	X
6º-EPB1.2.3 - Recoñece os temas da fotografía.	Recoñece algúns temas da fotografía	X		
6º-EPB1.2.4 - Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.	Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos.			X
6º-EPB1.2.5 - Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.	É quen de recoñecer o cine de animación como un xénero do cine.			
6º-EPB1.2.6 - Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.	É quen de secuenciar unha historia en viñetas incorporando imaxes e textos.			X
6º-EPB1.2.7 - Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	Comeza a familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual.			X
6º-EPB1.3.1 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ?) que lle serven para a ilustración de textos.	Realiza pequenos retoques en imaxes dixitais.		X	
6º-EPB1.3.2 - Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa	Comprende a importancia dos protocolos de actuación para a difusión de imaxes.	X	X	X

Bloque 2: Expresión artística				
6º-EPB2.1.1 - Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	É quen de utilizar as técnicas máis sinxelas de debuxo coidando e respectando os materiais, os utensilios e os espazos.	X	X	X
6º-EPB2.1.2 - Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).	Fai composicións que transmiten emocións coa axuda de diversos recursos.	X	X	X
6º-EPB2.1.3 - Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.	Debuxa obxectos cotiáns, accións e situacións.	X	X	X
6º-EPB2.1.4 - Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.	Amosa algunhas dificultades á hora de traballar cos distintos materiais e texturas gráficas.		X	X
6º-EPB2.1.5 - Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.	Valora os elementos e recursos empregados, pero ten algunhas dificultades para conseguir o resultado final desexado.	X	X	X
6º-EPB2.1.6 - Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.	Comeza a distinguir as características da cor e a luminosidade.	X	X	X
6º-EPB2.1.7 - Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.	Experimenta coas diferentes texturas.			X
6º-EPB2.1.8 - Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.	Realiza composicións sinxelas empregando as cores complementarias.			X
6º-EPB2.1.9 - Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).	Comeza a ver a importancia das proporcións e tamaños axeitados.	X	X	X

6º-EPB2.1.10 - Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.	Ten algunhas dificultades na explicación das características dos seus traballos.			X
6º-EPB2.2.1 - Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas con certas dificultades.			X
6º-EPB2.2.2 - Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.	É quen de experimentar coa superposición de planos para crear volume dun xeito sinxelo.		X	
6º-EPB2.2.3 - Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo, pero amosa dificultades para proporcionar sensación de profundidade.		X	
6º-EPB2.2.4 - Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	Fai obxectos tridimensionais básicos utilizando diversos tipos de materiais.			X
6º-EPB2.3.1 - Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.	Amosa interese polas manifestacións artísticas máis importantes.			X
6º-EPB2.3.2 - Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	Aprecia e valora as posibilidades que ofrecen os museos para coñecer as obras de arte.	X	X	X
6º-EPB2.3.3 - Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.	Recoñece algunhas profesións artísticas e valora as súas producións.		X	
6º-EPB2.4.1 - Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións	Utiliza as Tics de xeito guiado como fonte de información e documentación á hora de elaborar as súas producións.	X	X	X

propias.				
6º-EPB2.4.2 - Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.	Comeza a manexar programas informáticos sinxelos para a ilustración dos seus traballos.		X	X
6º-EPB2.4.3 - Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	Elabora con algunhas dificultades carteis, murais...			X
6º-EPB2.5.1 - Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.	Produce obras plásticas con algunha dificultade empregando as técnicas e instrumentos axeitados.		X	X
6º-EPB2.5.2 - Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	Case sempre respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	X	X	X
6º-EPB2.5.3 - Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	Non sempre amosa interese polo traballo e non sempre colabora nin respecta as iniciativas dos compañeiros.	X	X	X
6º-EPB2.5.4 - Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades	Participa, pero non sempre amosa interese polas actividades propostas.	X	X	X

Bloque 3: Debuxo xeométrico				
6º-EPB3.1.1 - Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	Distingue entre horizontal e vertical			X
6º-EPB3.1.2 - Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	Sabe como se trazan as rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.			X
6º-EPB3.1.3 - Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	Realiza medicións apreciando a diferenza do milímetro			X
6º-EPB3.1.4 - Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	Traza e mide segmentos coa regra.			X
6º-EPB3.1.5 - Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	Traza graficamente a mediatriz dun segmento			X
6º-EPB3.1.6 - Traza círculos co compás coñecendo o raio.	Traza círculos co compás.			X
6º-EPB3.1.7 - Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	Divide graficamente a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais.			X
6º-EPB3.1.8 - Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas, froes...			X
6º-EPB3.1.9 - Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	Continúa series xeométricas utilizando a cuadrícula			X
6º-EPB3.1.10 - Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.	Constroe ángulos dunha determinada medida usando o transportador.			X
6º-EPB3.1.11 - Analiza a realidade descompondoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	Identifica na realidade formas xeométricas básicas.			X
6º-EPB3.1.12 - Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	Identifica formas xeométricas nunha obra			X
6º-EPB3.1.13 - Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	Realiza composicións utilizando forma xeométricas			X
6º-EPB3.1.14 - Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	Traza unha forma xeométrica sinxela utilizando unha escala sinxela			X
6º-EPB3.1.15 - Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	Recoñece, clasifica e constrúe polígonos segundo o número de lados.			X

6º-EPB3.2.1 - Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	Utiliza e valora o uso dos instrumentos xeométricos.			X
---	--	--	--	---

7 . PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas que a integran.

Os referentes serán os criterios de avaliación e máis concretamente os estándares de aprendizaxe avaliábeis establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

Procedementos:

Empregaranse como procedementos a observación directa a análise e a proba. Estes concréntanse nos seguintes instrumentos da avaliación:

Instrumentos de avaliación

Instrumentos de avaliación para a actividade lectiva presencial

- **Probas escritas:** pode ser calquera proba que recolla a información nun texto de forma escrita.

Exemplos:

- Exames
 - Ditados
 - Controis diarios
 - Fichas de repaso
 - Redaccións
- **Probas lectoras:** trazamos unha proba na que o neno ten que ler un texto dunha extensión adecuada á súa idade, para despois traballar sobre iso.

Exemplos:

- Lecturas compartidas
- Voz baixa
- Utilizando todos o mesmo texto
- Utilizando todos textos diferentes
- Lectura en voz alta
- Lectura cooperativa

- **Probas orais:** probas concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral.

Exemplos:

- Exposicións
 - Dramatizacións
 - *Role-playing*
 - Presentacións
 - Chistes
 - Contacontos
 - Faladoiros
 - Debates
 - Charlas
- **Tarefas finais (competenciais):** conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma.

Exemplos:

- Debates
 - Dramatizacións
 - Contacontos
 - Mercados de postos ambulantes
 - Investigacións
 - Construción de máquinas simples
 - Enquisas
 - Orzamentos
 - Viaxes virtuais
- **Caderno de aula:** recolleremos información tamén de forma puntual a partir do caderno para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.
 - **Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables, así como a súa actitude e a participación no desenvolvemento das sesións.
 - **Rúbricas:** permítennos valorar os aprendizaxes adquiridos ou en vía de adquisición e os produtos finais realizados, coma por exemplo un proxecto ou un caderno.

- **Tarefas para casa e tarefas de aula diarias:** exercicios e actividades que perseguen a comprensión e interiorización dos contidos traballados.

Instrumentos de avaliación para a actividade lectiva non presencial

Neste caso empregaranse ferramentas e recursos dixitais para poder levar a cabo unha avaliación a distancia.

- **Probas online ou interactivas:** pode ser calquera proba de tipo online que recolla a información relativa a un tema en concreto, por exemplo unha proba tipo test empregando a aplicación Kahoot ou en CelmeDixital.
- **Tarefas diarias e tarefas interactivas:** exercicios e actividades que perseguen a comprensión e interiorización dos contidos traballados.
- **Tarefas finais (competenciais):** conxunto de exercicios e actividades que perseguen a realización dun produto final significativo e próximo ao contorno cotián. Nel requírese o manexo de diversas habilidades para resolver problemas en contornos relevantes de forma autónoma.

Por exemplo:

- Investigacións.
- Proxectos.
- Foros.
- Debates virtuais.

- Grupos de traballo virtual.
- Mapas conceptuais.
- **Rúbricas:** permítennos valorar os aprendizaxes adquiridos ou en vía de adquisición e os produtos finais realizados, coma por exemplo un proxecto.
- **Probos orais:** probas concretas nas que se pide unha información de extensión variable utilizando como medio preferente a expresión verbal pola vía oral.

Exemplos:

- Exposicións virtuais
- Vídeos
- Debates virtuais
- Dramatizacións
- *Role-playing*
- Presentacións
- Faladoiros
- **Observación diaria:** valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para calibrar hábitos e comportamentos desexables.

Instrumentos de avaliación para a actividade lectiva semipresencial

Neste caso empregaranse os instrumentos de avaliación de ámbalas dúas situación anteriormente citadas, combinando os instrumentos necesarios e que máis de adapten á situación.

8. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

As competencias do currículo para a aprendizaxe permanente deberán estar integradas nos elementos curriculares. Así, a acción educativa nesta etapa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes dos alumnos, e adaptarse aos seus ritmos de traballo.

O equipo docente deberá interrelacionar os contidos das áreas cun enfoque globalizador, e abordar os problemas, as situacións e os acontecementos dentro dun contexto e na súa totalidade, garantindo, en todo caso, a súa conexión coas necesidades e características dos alumnos.

Así mesmo, a intervención educativa debe contemplar como principio a diversidade dos alumnos, poñendo especial énfase na atención personalizada, a prevención das dificultades de aprendizaxe, a realización de diagnósticos precoces e a posta en práctica de mecanismos de apoio e reforzo para previr e, no seu caso, intervir tan pronto como se detecten estas dificultades.

De acordo coas competencias atribuídas no artigo 6 bis 2.c).3º da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, na súa redacción dada pola Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, realízanse as seguintes recomendacións de metodoloxía didáctica:

Deseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan aos alumnos avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

1. A acción docente promoverá que os alumnos sexan capaces de aplicar as aprendizaxes nunha diversidade de contextos.
2. Fomentarse a reflexión e investigación, así como a realización de tarefas que supoñan un reto e un desafío intelectual para os alumnos.
3. Poderanse deseñar tarefas e proxectos que supoñan o uso significativo da lectura,

escritura, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.

4. A actividade da aula favorecerá o traballo individual, o traballo en equipo e o traballo cooperativo.
5. Así mesmo, poderanse realizar agrupamentos flexibles en función da tarefa e das características individuais dos alumnos co obxecto de realizar determinadas tarefas de enriquecemento ou reforzo.
6. Procurarase organizar os contidos ao redor de núcleos temáticos próximos e significativos.
7. O espazo deberá organizarse en condicións básicas de accesibilidade e non discriminación necesarias para garantir a participación de todos os alumnos nas actividades da aula e do centro.
8. Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, e interactivos, accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte.

Por outra banda, é de interese mencionar que o alumno ocupa un lugar central no proceso de ensino-aprendizaxe, polo que é o alumno o que irá construíndo a súa propia aprendizaxe mediante propostas nas que recorra a materiais manipulables para descubrir contidos, a través da toma de decisións e cooperación entre outros.

Entre estas propostas destacan **a aprendizaxe partindo da manipulación, a aprendizaxe cooperativa, a teoría das intelixencias múltiples e aprender a pensar.**

- Aprendizaxe partindo da manipulación: utiliza a manipulación de distintos materiais para chegar á abstracción dun contido desde o concreto.
- Aprendizaxe cooperativa: propón un conxunto de actividades que propicien a interacción da persoa-colectivo co medio, cos seus pais ou co docente.
- Teoría das intelixencias múltiples: busca adquirir destrezas vinculadas ao

desenvolvemento natural e real das situacións cotiás para conseguir capacidades que lle proporcionan ao individuo flexibilidade e creatividade á hora de se enfrontar a novos retos.

- Aprender a pensar: mostra numerosas formas de lograr a mellora do proceso de “pensar”. O obxectivo final é a aprendizaxe real, a profunda e significativa, a transferible a outras facetas da vida cotiá. Isto é posible co bo manexo do pensamento analítico, crítico e creativo.

Por tanto, a metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de Quinto Curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais.

É de interese mencionar que a metodoloxía proposta nesta programación docente parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1. Fase de activación: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.
2. Fase de dinamización: é o momento principal da sesión en que se produce a interacción entre alumno-alumno, alumno-profesor.
3. Fase de reflexión: a sesión remata coa procura da vinculación entre o contido

traballado e a realidade.

Por outra banda, contribuímos ao desenvolvemento dos diferentes plans e proxectos que se levan a cabo no centro, e de cara ao curso 2021-2022 poremos a énfase no ámbito da ecoloxía e da igualdade co **proxecto interdisciplinar “A IGUALDADE: UN MAR DE OPORTUNIDADES”**

Actividade lectiva semipresencial e actividade lectiva non presencial

No caso de non poder levar a cabo a modalidade lectiva de ensino presencial por mor da situación de excepcionalidade provocada pola COVID-19 ou calquera outra situación sanitaria excepcional, seguiranse as instrucións ditadas pola consellería de Educación e Ordenación Universitaria que prevé dúas modalidades de ensino:

- Modalidade lectiva semipresencial
- Modalidade lectiva non presencial

Para levar a cabo calquera destas dúas modalidades traballaremos a través da plataforma Edixgal e das aulas virtuais xeradas para este fin, establecidas a nivel de centro e desenvolvidas polos docentes, co obxectivo de dar continuidade á programación estipulada e levar a cabo o seguimento do alumnado para o curso 2021-22 non afectando ao avance académico do alumnado.

A información tanto ás familias coma ao alumnado será publicada tamén na páxina web, a través de Abalar Móbil, e nos diferentes blogs do centro.

Organización do espazo e agrupamentos

En función do momento e da necesidade, os alumnos poderanse dispoñer de distintos modos:

- Grandes grupos
- Pequenos grupos
- Parellas
- Individualmente

En multitude de casos e dada a metodoloxía proposta será unha boa opción colocar as mesas en grupos de catro alumnos enfrontados dous a dous, para promover o aprendizaxe cooperativo. En cada grupo situarase a un alumno que lle poida axudar a outro que o precise (sentados en diagonal), e a dous de nivel intermedio. Desta forma, cando traballen en parellas, a diferenza de nivel entre eles non será tan grande, e ao traballar en grupo haberá alumnos de todos os niveis.

A flexibilidade da organización das mesas deberíanos permitir que en ocasións, simplemente con xiralas, os nenos puidesen estar colocados en parellas mirando no mesmo sentido.

Contribucións aos plans e proxectos de centro.

Por outra banda, contribuímos ao desenvolvemento dos diferentes plans e proxectos que se levan a cabo no centro:

- **Proxecto interdisciplinar “A IGUALDADE: UN MAR DE OPORTUNIDADES”**

De cara ao curso 2021-2022 poremos a énfase na igualdade e na ecoloxía co **proxecto interdisciplinar “A IGUALDADE: UN MAR DE OPORTUNIDADES”**, destacando a situación actual de desigualdade e de contaminación para fomentar a concienciación sobre a necesidade de coidar o medio e visibilizar a evolución do papel da muller ó longo da historia no mar e nos demais ámbitos. Pretendemos traballar coa nosa comunidade escolar partindo da diversidade, colaboración, funcionalidade e das boas prácticas sostibles para acadar unha humanidade plural, respectuosa, saudable e solidaria.

- **Plan de integración das TIC**

As novas tecnoloxías son unha ferramenta facilitadora do proceso de ensinanza-aprendizaxe:

- Conectan coa sociedade e coas súas demandas, son polo tanto moi útiles na vida social e laboral futura.
- Actualizan as novos métodos de aprendizaxe.
- Posúen un alto compoñente motivacional.
- Aumentan a participación e interacción na aula.
- Promoven a creatividade e mudan por completo o rol tradicional do mestre.

No 6º curso de Primaria participaremos no programa Edixgal e en actividades tanto para reforzar as materias do curso como na participación nas tarefas previstas no proxecto común de centro e dos Equipos de Dinamización do centro:

- Aprender o manexo de programas de tratamento de texto.
- Realizar actividades na PDI.
- Visualización de videocontos de introducción ás Unidades Didácticas.

- Reproducción de videos educativos para ampliar a información das unidades didácticas.
- Reforzar aspectos didácticos a través de xogos e actividades propostas na páxina web e no blogue da Biblioteca.

9. MATERIAS E RECURSOS DIDÁCTICOS

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Libro dixital.
- Porfolio.
- Caderno.
- Uso das TIC de maneira habitual, tanto como obxecto de estudo coma recurso didáctico, coma o ordenador ou a pizarra dixital.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos.
- Materiais e recursos manipulativos.
- Emprego de Edixgal tanto en ensino presencial, semipresencial e non presencial, para complementar ou desenvolver a actividade educativa.
- Emprego de aplicacións de videochamadas (Webex) no caso de ensino semipresencial ou non presencial para a interacción profesor-alumno tanto grupal coma individual.
- Abalar móbil, páxina web do centro e blogs.
- Recursos educativos (Internet).
- Material funxible.
- Material de debuxo xeométrico: regra, compás, escadro, etc.

- Material de actividades plásticas.

10. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, A CUALIFICACIÓN E A PROMOCIÓN DO ALUMNADO

No primeiro trimestre, a principio do curso, realizarase unha avaliación inicial que servirá de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas.

Considérase que o alumno ten avaliación positiva:

- Trimestral se a súa cualificación é superior ao 4,5
- Final se acadou avaliación positiva nos tres trimestres ou se, a pesar de ter un trimestre con resultado negativo, o terceiro trimestre é positivo.

Por último, ao final do curso académico emitirase unha **cualificación das competencias clave** tendo en conta a contribución de cada unha das áreas.

Os seguintes **criterios de cualificación**, que serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias clave, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe:

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
Instrumento	CC avaliadas
Folla de observación de traballo individual participación, interese e responsabilidade 10%	CAA
Rúbrica de traballo cooperativo 10%	CSC, CAA
Rúbricas de autoavaliación (Obxetividade) 10%	CAA, CSIEE
Portfolio do proxecto 20%	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
Probas escritas e orais 50%	CCL, CMCT, CSIEE, CCEC

10.1 Criterios de avaliación ensino non presencial.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	
Instrumento	CC avaliadas
Folla de observación traballo individual participación , interese e responsabilidade 10%	CAA
Rúbrica traballo cooperativo 10%	CSC, CAA
Rúbricas autoavaliación (Obxetividade) 10%	CAA, CSIEE
Portfolio do proxecto 20%	CCL, CMCT, CD, CAA, CSC, CSIEE, CCEC
Probas escritas e orais 50%	CCL, CMCT, CSIEE, CCEC

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁTICA DOCENTE

EDUCACIÓN PRIMARIA				
INDICADOR	SEMPRE	HABITUALMENTE	ÁS VECES	NUNCA
Adaptouse a práctica docente (metodoloxía, actividades, recursos...) ás características do alumnado, atendendo á diversidade do grupo.				
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula.				
Consegiuse a participación activa do alumnado.				
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave.				
A secuenciación dos estándares favoreceu a súa correcta adquisición.				
Usáronse estratexias e procedementos de auto-avaliación e coavaliación en grupo.				
Proporcionouse ó alumnado un "feedback" de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe				
Usáronse instrumentos e procedementos de avaliación variados en relación ós aspectos a valorar				
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas.				
Os recursos foron diversos, variado, do contorno próximo e adaptado ás características do alumnado.				
Planifico a miña actividade educativa do forma coordinada co resto do profesorado e				

equipos.				
Usamos diferentes medios de información ás familias.				
Fomentamos a implicación e participación activa das familias na vida da escola				
Utilizouse de forma eficaz as TIC nos procesos de ensino aprendizaxe				
Mantívose un clima na aula no que os alumnos se sintan seguros, con confianza, motivados e usando a disciplina e liberdade en función da vida da aula.				
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos (traballo cooperativo, en grupo, parellas...) e propostas.				
Modificouse a planificación ao longo do curso, atendendo a flexibilidade, en función da vida cotiá do centro e da aula.				
Nas saídas didácticas a planificación foi a axeitada en canto a tempo, climatoloxía, desprazamento, a propia actividade...				

12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Para levar a cabo o seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, é importante ter en conta o seguinte modelo a cumprimentar.

PLAN ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES

NOME DO ALUMNO/A:

CENTRO:

NIVEL ACADÉMICO:

CURSO :

Nas táboas seguintes, móstrase o modelo a cubrir no caso de alumnado con materias pendentes.

Datos do alumno/a			
Apelidos:		Nome:	
Curso/grupo:		Data nacemento:	
Datos de escolarización anteriores significativos (repeticións, absentismo, cambios de dentro, flexibilizacións, escolarización combinada, atención domiciliaria, ...):			

Resultados académicos curso anterior					
Área/s Pendente/s (especificar)	Nome da Área	Cualificación			Medidas adoptadas
		1ºT	2ºT	3ºT/Final	
	Matemáticas	Seleccione	Seleccione	Seleccione	
	Seleccione	Seleccione	Seleccione	Seleccione	
	Seleccione	Seleccione	Seleccione	Seleccione	
Seleccione	Seleccione	Seleccione	Seleccione		
Competencia s Clave	Competencia	Cualificación		Competencia	Cualificación
	CCL	Bien		Seleccione	Seleccione
	Seleccione	Seleccione		Seleccione	Seleccione
	Seleccione	Seleccione		Seleccione	Seleccione
	Seleccione	Seleccione			

<input checked="" type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Aspectos relevantes que favorecen ou dificultan a aprendizaxe					
Valoración	Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre	Observacións
Ten rutinas e hábitos de traballo	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Resolve as tarefas utilizando a reflexión.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Necesita actividades dirixidas, pautadas.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mostra interese e esforzo ante o traballo.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Presenta un nivel de atención adecuado á tarefa que está realizando.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mostra orde nos seus traballos.					
Pide axuda si o necesita.					
Traballa en grupo correctamente					
Outros:					
Outros:					

Actuacións e medidas de atención á diversidade no curso actual	
Ámbitos a reforzar	Ámbito persoal:
	Ámbito social:
Medidas ordinarias (reforzo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, desdoblamento grupos, ...)	
Medidas extraordinarias (apoyo especialistas de PT, AL,...)	
Actuación Departamento Orientación	
Outras medidas fóra do horario lectivo (PROA,...)	
Aspectos a incidir na entrevista coa familia (Seguimento da axenda escolar, tarefas extraescolares,...)	
Outros:	

PROFESIONAIS QUE PARTICIPAN NO PLAN ESPECIFICO DE RECUPERACIÓN PARA O ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES		
NOME E APELIDOS	FUNCIÓN	SINATURA

Actuacións no ámbito curricular

Materia pendente curso anterior: **Matemáticas**

- Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):
- Metodoloxía:
- Materiais de apoio:
- Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):

Observacións:

Materia pendente curso anterior: **Seleccione**

- Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):
- Metodoloxía:
- Materiais de apoio:
- Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):

Observacións:

Materia pendente curso anterior: **Seleccione**

- Aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Aspectos a reforzar (concretados en indicadores de logro):
- Metodoloxía:
- Materiais de apoio:
- Avaliación (de ser o caso, con adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación):

Observacións:

Localidade, a _____ de _____ de 20 ____

Profesor/a,

VALORACIÓN E PROPOSTAS DE MELLORA DO PLAN ESPECÍFICO DE RECUPERACIÓN DE MATERIAS CON CUALIFICACIÓN NEGATIVA

Alumno/a:		Curso/grupo:	
-----------	--	--------------	--

Actuacións no ámbito curricular (áreas con cualificación negativa)

Área: Lingua Galega e Literatura

- Valoración dos aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Avaliación e proposta de mellora da metodoloxía empregada:
- Avaliación e proposta de mellora dos recursos/materiais de apoio:
- Avaliación e proposta de mellora dos procedementos e instrumentos empregados:

Observacións:

Área: Lingua Castelá e Literatura

- Valoración dos aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Avaliación e proposta de mellora da metodoloxía empregada:
- Avaliación e proposta de mellora dos recursos/materiais de apoio:
- Avaliación e proposta de mellora dos procedementos e instrumentos empregados:

Observacións:

Área: Ciencias da Natureza

- Valoración dos aspectos fortes do alumno/a sobre os que apoiar a intervención:
- Avaliación e proposta de mellora da metodoloxía empregada:
- Avaliación e proposta de mellora dos recursos/materiais de apoio:
- Avaliación e proposta de mellora dos procedementos e instrumentos empregados:

Observacións:

Localidade, a _____ de _____ de 20__

INFORMACIÓN DO PLAN PERSONALIZADO Á FAMILIA

Resultados obtidos das áreas pendentes					
Trimestre	Área pendente	Cualificación	Observacións		
1º Trimestre	Matemáticas	4			
	Primeira Lingua Estranxeira: Inglés	4			
	Seleccione	Seleccione			
	Seleccione	Seleccione			
Valoracións		Nunca	Ás veces	Case sempre	Sempre
	Asiste a clase co material preciso para o desenvolvemento das clases.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Fai uso da axenda escolar como recurso organizativo do traballo diario.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Entrega as tarefas extraescolares encomendados (traballos, aula virtual,...).	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	Aproveitamento das horas de reforzo, apoio nas clases				
	Participación no PROA				
	...				

<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

Localidade, a _____ de _____ de 20 ____

Profesor/a,

INFORMACIÓN DO PLAN PERSONALIZADO Á FAMILIA

Recibín.

Data:

Pai/nai /titor legal

13. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS

Ao inicio do curso académico realizarase unha proba de avaliación inicial que consistirá en avaliar a competencia matemática e a competencia lingüística a través das competencias clave.

A avaliación inicial servirá de referencia como punto de partida para o desenvolvemento do currículo. As medidas a tomar son: prestar especial reforzo aos bloques que presenten unha maior dificultade, así como reforzar ao alumnado que presente dificultades tendo en conta as diferentes medidas de atención á diversidade especificadas nesta programación didáctica no apartado 14.

14. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Ao abeiro do establecido nos artigos 9.1 e 9.6 do Real Decreto 126/2014, de 28 de febreiro, na etapa da Educación Primaria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención personalizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe, así como na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades, os cales poderán ser tanto organizativos como curriculares.

Para iso estableceranse mecanismos de reforzo, organizativos ou curriculares, tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Os devanditos recursos deben facer posible tamén que aquel alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse

tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar; alcancen tamén o devandito máximo.

Para atender á Diversidade e aos Alumnos con Necesidade Específica de Apoio Educativo adaptaremos o noso ensino á aprendizaxe de todos e cada un deles. É dicir, incluiremos a todos os alumnos dentro da actividade ordinaria do grupo, pero á vez, prestaremos (directa ou indirectamente) unha atención máis individualizada a aqueles que o precisen.

Prestarase atención á prevención e detección das necesidades, pondo en práctica os mecanismos de reforzo pertinentes.

É importante ter en conta que estas medidas son xerais, podendo modificarse ao longo do curso académico por diversos factores.

Para dar resposta ás dificultades do alumnado, dispoñemos de diversas medidas incluídas nun abano que vai dende as máis ordinarias ás máis específicas. Así, para aqueles casos máis simples, atenderemos á diversidade mediante:

1. Adecuación das programacións.
2. Adaptación dos tempos e instrumentos e procedementos de avaliación.
3. A realización de apoios, preferentemente dentro da aula, dirixidos á prevención de dificultades de aprendizaxe.
4. Reforzo educativo, nas áreas e alumnado que se determine.
5. Programas de recuperación.
6. Programas de reforzo
7. Actividades de reforzo ou de ampliación.
8. Agrupamento na aula dos alumnos de diferentes maneiras para favorecer a súa aprendizaxe.

9. Utilización recursos didácticos específicos que faciliten a aprendizaxe e/ou permitan afondar nela.

No caso de que as medidas máis xerais non fosen suficientes para atender á diversidade deste alumnado, ou no caso actual daqueles nenos que xa o precisen, contamos con outras medidas cun carácter máis específico. Resaltando, entre outras, as seguintes:

- A nivel organizativo, contamos con profesorado de apoio, de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e linguaxe para a atención dos casos máis específicos.
- A nivel curricular contamos coas seguintes grandes medidas:
 - A Adaptación Curricular Significativa.
 - Flexibilización da duración do período de escolarización.

Medidas previstas para estimular o interese e o hábito da lectura e da mellora da expresión escrita e oral

Un dos eixes da educación durante a aplicación e desenvolvemento da actual lexislación é o fomento da lectura. Para iso deseñamos estas liñas metodolóxicas:

- Interese e hábito da lectura
 - Realización de tarefas de investigación
 - Instrucións escritas para realizar actividades lúdicas
 - Lecturas recomendadas: divulgativas, etc.

- Plan lector

- Expresión escrita
 - Resumos

 - Esquemas

 - Informes

 - Creacións literarias propias (poemas, ensaios, cómics, etc.)

 - Escritura social

 - Enquisas

 - Panfletos, murais, guións, pósters, etc.

 - Uso das TIC

- Expresión oral
 - Xogos lingüísticos (adiviñas, enigmas, rimas, etc.)

- Exposición das tarefas realizadas

- Dramatizacións

- Explicacións e informes orais

- Entrevistas

- Presentación de diapositivas

- Contacontos

- Debates

15. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

De acordo co artigo 10 do Real Decreto 126/2014, en todas as áreas curriculares trataranse os seguintes elementos transversais:

a) A comprensión lectora

- Analizar os enunciados para impulsar a comprensión.

- Uso de distintas tipoloxías textuais.

- Lectura e comprensión de textos en cada unidade didáctica.
- Lecturas e comprensión dos textos dos libros dixitais cos temas tratados
- Lectura e comprensión de distintos libros de lecturas

b) A expresión oral e escrita

- Producción de esquemas e/ou debuxos.
- Elaboración dun guión para presentar o texto ante un grupo de compañeiros, e transformación da estrutura do texto.
- Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto.
- Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos.
- A toma de decisións e a súa argumentación; a comunicación entre o grupo, o respecto e a aceptación das opinións dos demais; así como o traballo cooperativo para aprender dos outros e cos outros. Ao interaccionar cos demais (xa sexa traballando en pequeno grupo ou en gran grupo) débense esforzar tanto en se facer entender como en escoitar os demais.
- Expresar o enunciado dunha actividade coas propias palabras e ser capaz de reelaboralo tendo en conta diferentes indicacións.
- Exposición oral e escrita en traballos individuais, actividades en grupo, en razoamentos ou intervencións: planificación, redacción, revisión.
- Expresión oral e escrita das aprendizaxes, utilizando un vocabulario preciso.

- Expresión escrita en soporte papel e en pantalla.

c) A comunicación audiovisual

- Proxección de diferentes vídeos introductorios e explicativos de diferentes temas.
- Presentación de traballos en power point
- Interpretación de imaxes, táboas, esquemas, gráficas...
- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.

d) As Tecnoloxías da Información e a Comunicación

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá.

Neste sentido o Decreto 105/2014 do 4 de setembro destaca: «o uso das tecnoloxías da información e comunicación na aula como medio valioso para desenvolver tarefas de ensino e aprendizaxe».

Desde esta realidade, consideramos imprescindible a súa incorporación nas aulas de Educación Primaria coa finalidade de iniciar os nenos no bo uso destas.

A incorporación da informática na aula contempla dúas vías de tratamento que deben ser complementarias:

- **Informática como fin:** ten como obxectivo ofrecerlle ao alumnado coñecementos e destrezas básicas sobre a informática e o manexo dos elementos e programas do ordenador. O ordenador convértese, así, en obxecto de estudo en si mesmo.
- **Informática como medio:** o seu obxectivo é tirar todo o proveito posible das potencialidades deste medio; utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información.
- Libro dixital interactivo (Edixgal): Libro que incorpora elementos de interactividade: ligazóns, actividades, animacións...
- Recursos interactivos da nosa web e blogs.
- Recursos da rede: Aproveitamento de recursos educativos en Internet: procura de imaxes, información ou curiosidades e selección e organización de información

e) O emprendemento

- Adquirir estratexias para poder resolver problemas: identificar os datos e interpretalos, recoñecer que datos faltan para poder resolver o problema, identificar a pregunta e analizar que é o que pregunta.
- Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.
- Organiza e planifica o discurso axeitándose aos diferentes modos discursivos (narrar, expoñer, describir, informarse, dialogar)
- Realizar un exercicio de creatividade colectiva entre os alumnos que permita idear un novo produto ou servizo capaz de resolver unha necesidade cotiá.

- Ter iniciativa persoal e tomar decisións desde o seu espírito crítico.
- Determinar as principais características dese novo produto ou servizo, así como as súas vantaxes e inconvenientes fronte ao que xa existe.
- Enlazar a solución proposta (produto ou servizo) cos seus posibles usuarios (mercado) e coa sociedade en xeral, introducindo a iniciativa emprendedora e o papel que esta debe desempeñar como motor de emprego e desenvolvemento.
- Aprender a equivocarse e ofrecer respostas propias.
- Traballar en equipo, negociar, cooperar e construír acordos.

As habilidades emprendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análise, capacidade de síntese, visión emprendedora.
- Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.
- Habilidades sociais: traballo en grupo, comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa.

f) A educación cívica e constitucional

- Coñecemento e respecto polos valores constitucionais de liberdade, xustiza, igualdade e pluralismo político.
- Desenvolvemento de actitudes e comportamentos cívicos e responsables na súa contorna e nas súas actividades cotiás.
- Cumprimento das normas xerais da aula.
- Respetto da quenda de palabra e das intervencións dos compañeiros.
- Comprensión e respecto á importancia do traballo en equipo e a colaboración.
- Orde e colocación do seu material e das mesas.
- Respetto e valoración das experiencias e das achegas do resto dos compañeiros e compañeiras.
- Mostrar respecto e tolerancia coas persoas que o rodean, coa diversidade de culturas e formas de vida.
- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos e deberes fundamentais: igualdade ante a lei, dereito á vida, liberdade relixiosa e ideolóxica, liberdade persoal, liberdade de expresión, dereito de reunión, asociación e participación, dereito á educación, ao traballo, etc.
- Coñecemento, valoración e respecto pola organización territorial de Estado en comunidades autónomas.
- Coñecemento, respecto e aceptación dos dereitos sociais, deberes e políticas públicas: igualdade de xénero, protección da familia, dereitos dos menores e maiores, dereito á educación, ás prestacións sociais, dereito das persoas con discapacidade ou minusvalía, etc.

16. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Considéranse actividades complementarias as planificadas polos mestres que utilicen espazos ou recursos diferentes ao resto de actividades ordinarias da área, aínda que precisen tempo adicional do horario non lectivo para a súa realización. Serán obrigatorias tanto para os Mestres.

Entre os propósitos que perseguen este tipo de actividades destacan:

- Completar a formación que reciben os alumnos nas actividades curriculares.
- Mellorar as relacións entre alumnos e axudarles a adquirir habilidades sociais e de comunicación.
- Permitir a apertura do alumnado cara ao contorno físico e cultural que o rodea.
- Contribuír ao desenvolvemento de valores e actitudes adecuadas relacionadas coa interacción e o respecto cara aos demais, e o coidado do patrimonio natural e cultural.
- Desenvolver a capacidade de participación nas actividades relacionadas co contorno natural, social e cultural.
- Estimular o desexo de investigar e saber.
- Favorecer a sensibilidade, a curiosidade e a creatividade do alumno.
- Espertar o sentido da responsabilidade nas actividades nas que se integren e que realicen.

Proposta de actividades complementarias e extraescolares:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Celebración de efemérides.
- Festas e celebracións.
- Visitas a espazos naturais.
- Celebración de concursos.

Temporalización das actividades complementarias e extraescolares.

É importante ter en conta, que esta temporalización, establecida en liñas xerais e de xeito provisional, e por tanto a realización de certas actividades, pode verse afectada por diversos factores como a situación sanitaria.

1º Trimestre:

BIBLIOTECA: DÍA DA BIBLIOTECA (24 outubro)

- Competencias clave: CLL, CSC, CD, CAA, CCEC
- Intelixencia: Lingüística, Intrapersoal, Interpersoal e Corporal.

Actividades:

- Presentación do proxecto anual de traballo a través do libro “”.

- Entrega de Mochilas e libros viaxeiros.
- Contacontos.

EDL: MAGOSTO (outubro-novembro)

- Competencias clave: CCEC, CSC, CAA, CSIEE.
<p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto. ^{[1][2]}_[SEP]</p>	<p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, etc.</p>	<p>CL</p>	<p>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p>
<p>B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen. ^{[1][2]}_[SEP]</p>	<p>PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita, etc.</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p> <p>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.</p>
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	

<p>B3.4. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p>	<p>PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador)..</p>	<p>CL AA</p>	<p>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p> <p>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.</p>
	<p>PLB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).</p>		
	<p>PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).</p>		


Bloque 4. Producción de textos escritos

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores
-------------------------	---------------------------	----------------------------

<p>B4.1.Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. ^[1]_[SEP]</p>	<p>PLEB4.1.Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).</p>	<p>CL</p>	<p>CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.</p>
<p>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen. ^[1]_[SEP]</p>	<p>PLEB4.2.Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p>	<p>CL</p>	<p>CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.</p>
<p>B4.3.Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>		<p>CL</p>	<p>CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.</p>
<p>B4.8.Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</p>		<p>CL AA</p>	<p>CL5.2. Elabora textos escritos atendendo ó destinatario e á finalidade do texto.</p> <p>AA1. Emprega estratexias para aprender a aprender, como empregar dicionarios bilingües ou monolingües.</p>
<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>	<p>Competencias - Indicadores</p>	

B4.9. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.			
--	--	--	--


Bloque 5. Conocimiento de la lengua y conciencia intercultural

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaje	Competencias - Indicadores	
B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto. 	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición.	SC	SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando o turno de palabra.
B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais.	PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	CL SC	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa. SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala,

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
			respectando o turno de palabra.
<p>B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).</p>	<p>PLEB5.3.Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).</p>	<p>CL SIEE</p>	<p>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p> <p>SIEE1. Busca, recompila e organiza información en diferentes soportes.</p>
<p>B5.4.Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. ex. estrutura interrogativa para demandar información).</p>	<p>PLEB5.4.Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.</p>	<p>CL SC</p>	<p>CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación.</p> <p>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitar e mirar quen fala, respectando o turno de palabra.</p>

B5.5.Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos	PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de	CL	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua
---	--	----	---

Crterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores	
relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.		estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.		CL	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos).		CL	CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.

<p>B5.8.. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia. </p>		<p>CL</p>	<p>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p>
<p>B5.9.Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e</p>		<p>CL</p>	<p>CL1.2. Capta o sentido global en textos orais variados</p>

<p>Criterios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaje</p>	<p>Competencias - Indicadores</p>	
<p>necesidades.</p>			<p>emitidos en diferentes situacións de comunicación.</p>
<p>B5.10.Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos menos dirixidos.</p>		<p>CL</p>	<p>CL1.4. Comprende globalmente e extrae información específica de situacións curtas e sinxelas coa visualización repetida do documento audiovisual.</p>

<p>B5.11.Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividades...).</p>		<p>CL SC</p>	<p>CL2.3. Participa en representacións sencillas.</p> <p>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p>
<p>B5.12.Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.</p>		<p>CL SC</p>	<p>CL1.1. Escoita e entende secuencias de instrucións ou direccións sinxelas, dadas polo profesorado ou un</p>

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias - Indicadores
-------------------------	---------------------------	----------------------------

			<p>medio mecánico.</p> <p>CL3.1. Usa estruturas básicas propias da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.</p> <p>CL4.2. Localiza información explícita de textos diversos sobre temas de interese.</p> <p>CL5.1. Escribe na lingua estranxeira a partir de modelos traballados previamente.</p> <p>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.</p>
<p>B5.13. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.</p>			
<p>B5.14. Valorar as linguas coma un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e</p>			

Criterios de evaluación	Estándares de aprendizaje	Competencias - Indicadores	
muestra respeto por todas.			

3.6.4. Avaluación da práctica docente

Os mestres avaliarán tanto as aprendizaxes do alumnado coma os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que incluímos a continuación un modelo cos indicadores de logro e os elementos a avaliar:

(O departamento incluirá ou modificará os elementos a avaliar segundo proceda)

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO		
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido
Programación didáctica.	Non se adecúa ó contexto da aula.	Adecúase parcialmente ó contexto da aula.	Adecúase completamente ó contexto da aula.
Plans de mellora.	Non se adoptaron medidas de mellora tralos resultados académicos obtidos.	Identifícaronse as medidas de mellora a adoptar tralos resultados académicos obtidos.	Adoptáronse medidas de mellora segundo os resultados académicos obtidos.
Medidas de atención á diversidade.	Non se adoptaron medidas de atención á diversidade adecuadas.	Identifícaronse as medidas de atención á diversidade a adoptar.	Adoptáronse medidas de atención á diversidade adecuadas.
Temas transversais.	Non se traballaron tódolos temas transversais na materia.	Traballáronse a maioría dos temas transversais na materia.	Traballáronse tódolos temas transversais na materia.
Programa de recuperación.	Non se estableceu un programa de recuperación para os alumnos.	Iniciouse o programa de recuperación para os alumnos que o necesiten.	Estableceuse un programa de recuperación eficaz para os alumnos que o necesiten.
Obxectivos da materia.	Non se alcanzaron os obxectivos da materia establecidos.	Alcanzáronse parte dos obxectivos da materia establecidos para o curso.	Alcanzáronse os obxectivos da materia establecidos para este curso.

Competencias clave.	Non se desenvolveron a maioría das competencias clave relacionadas coa materia.	Desenvolvéronse parte das competencias clave relacionadas coa materia.	Logrouse o desenvolvemento das Competencias clave relacionadas con esta materia.
---------------------	---	--	--

ELEMENTOS A AVALIAR	INDICADORES DE LOGRO		
	Non conseguido	Conseguido parcialmente	Totalmente conseguido
Práctica docente.	A práctica docente non foi satisfactoria.	A práctica docente foi parcialmente satisfactoria.	A práctica docente foi satisfactoria.
Programas de mellora para a práctica docente.	Non se deseñaron programas de mellora para a práctica docente.	Identificáronse os puntos para deseñar un programa de mellora para a práctica docente.	Deseñáronse programas de mellora para a práctica docente.

CEIP FONTES-BAÍÑA
BAIONA

6º DE PRIMARIA
CURSO 2021-2022

INDICE

APARTADO	PÁX.
<i>INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN</i>	3
<i>INTRODUCCIÓN: CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO</i>	3
COMPETENCIAS CLAVE ARA ED. PRIMARIA	4
OBXECTIVOS PARA A ED. PRIMARIA	4
CARACTERÍSTICAS DA ED. FÍSICA NA PRIMARIA	6
BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE ED. FÍSICA	7
CONTRIBUCIÓN DA ED. FÍSICA NA ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS CLAVE	9
OBXECTIVOS XERAIS DA ED. FÍSICA	12
OBXECTIVOS PARA O TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA	13
CONTIDOS PARA O SEXTO CURSO POR BLOQUES	15
TEMPORALIZACIÓN	17
A AVALIACIÓN: PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	22
A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	22
A AVALIACIÓN: CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	25
METODOLOXÍA	25
MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	26
MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	26
ACTIVIDADES EXTRASCOLARES	26
ACCIÓNS PREVISTAS NO "PROXECTO LECTOR"	26
ACCIÓNS PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICS	27
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E CORRECCIÓN DA PROPIA PROGRAMACIÓN AXUSTES DA PROGRAMACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL	27

INTRODUCCIÓN: CONTEXTUALIZACIÓN E CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO DO SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CONTEXTUALIZACIÓN

O noso colexio é un Centro de Educación Infantil e Primaria con alumando de 3 A 12 anos de idade. A matrícula aproximada é de 123 alumnos.

O centro está situado nun entorno urbano e a maioría das familias teñen un nivel formativo básico e medio.

O Claustro do profesorado está formado por 15 mestres, no que a gran maioría teñen o seu destino definitivo neste centro.

A Comunidade educativa considera que educar para a convivencia responde á necesidade de formar cidadáns que se responsabilizan dos seus actos, respectándose a si mesmo e ás demais persoas. E os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos e cando xorden problemas na convivencia escolar, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da educación de xeito activo e, en caso de conflitos, todos deben ser parte da solución.

CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO NO SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Esta etapa caracterízase polo abandono progresivo da infancia, aínda que, na meirande parte dos casos, aínda non se atopan (os nenos e nenas) na adolescencia.

Consérvanse, ás veces, comportamentos moi infantís, pero noutras maniféstase xa coma un adolescente. Abúrrrese, compadécese a si mesmo e identifícase con facilidade con figuras do espectáculo ou do deporte.

Ten xa unha notable autonomía e, nembargantes, a opinión do grupo impórtalle moito. Ten, aínda, máis interese polas cousas e polas persoas que por el mesmo: Esto, xunto co seu interese polo xogo, ratifica que aínda é un neno, moito máis maduro, pero un neno.

Cara ós once anos adopta formas máis orixinais na maneira de pensar e non somentes acumula datos, senón que é capaz de formular hipóteses explicativas das cousas.

No remate da etapa hai certa aceleración no crecemento da memoria inmediata e a capacidade de fixar, co cal pode afronta-lo estudo de textos máis longos.

O dominio da atención vaino adquirindo paseniñamente, gracias ós medios indirectos de reclama-lo interese, coma son os desexos de obter boas

cualificacións e se-los primeiros en algo. Máis adiante, se manexan axeitadamente os estímulos, aparecerá o hábito de atender.

A imaxinación sofre, neste período, unha detención no seu desenvolvemento e está dominada polo afán que ten de pasar todo o coñecemento pola comprobación.

É habitual, nesta etapa, que se pregunte se o que escoita é un feito histórico ou unha ficción. Nembargantes ten grande interese polo lonxano, o extraordinario e o utópico.

O seu desenvolvemento motor continúa mellorando na rapidez de execución de movementos e nas coordinacións, tanto globais coma óculomotrices (ollo-man e ollo-pé).

Ó incrementarse a eficacia no pensamento mellora tamén a fluidez e sentido nos movementos.

O grupo tende a ser homoxéneo e segregarse en función do sexo. É a etapa de máxima ruptura entre sexos e cada un deles expón os motivos de dita ruptura.

Experimenta un importante aumento na súa capacidade motriz. É un momento ideal para perfeccionar as coordinacións esixidas nos xogos e nos deportes.

En ningunha época da vida ten o individuo vinculación tan forte ó grupo coma nesta época. O resgo máis notable é a socialización.

É, polo dito ata agora, a etapa máis idónea para a práctica e participación en xogos grupais de equipo e os deportes.

COMPETENCIAS CLAVE A ACADAR NA EDUCACIÓN PRIMARIA

1. Comunicación lingüística.
2. Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.
4. Competencia dixital.
4. Aprender a aprender
5. Competencias sociais e cívicas.
6. Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.
7. Conciencia e expresións culturais.

OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN PRIMARIA

Os obxectivos da educación primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais con que se relaciona.**
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade.**
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.**
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.**
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.**
- h) Coñecer e valorar o seu contorno natural, social e cultural, así como as posibilidades de acción e de coidado deste, con especial atención á singularidade de Galicia. Coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.**
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que recibe e elabora.**
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais.**
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar e aprender a coidar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.**
- l) Coñecer e valorar a flora e a fauna, en especial a presente na Comunidade Autónoma de Galicia, e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.**
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, o valor da corresponsabilidade no traballo doméstico e no coidado das outras persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.**

CARACTERÍSTICAS DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA NA PRIMARIA

A Educación Física na educación primaria debe fundamentarse especialmente na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Debe dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motriz e cara á asunción de actitudes, de valores e de normas referentes ao corpo e ao movemento.

Pero a educación física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza o dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento (de si mesmo, de si mesma e do contorno), de organización perceptiva (desenvolvendo a percepción do propio corpo, do espazo e do tempo), anatómico-funcional (incrementando as habilidades e mellorando a condición física), estético/comunicativa (por medio de manifestacións artísticas e de comunicación), de relación social coas demais persoas (interaccionando co resto de participantes), agonística (esforzándose e superando dificultades), hixiénica (mellorando a saúde e previndo enfermidades), hedonista (como fonte de gozo), de compensación (fronte á vida sedentaria) e catártica (para liberar tensións).

Especialmente importante é a relación que a educación física ten coa saúde. A actividade física ben practicada mellora o benestar e a calidade de vida. No que atinxe a esta área dentro da educación primaria, dáselle importancia á saúde ao dedicárselle un bloque de contidos. Preténdese que o alumnado adopte medidas de hixiene corporal na actividade física e na vida cotiá, que adquira pautas de alimentación correctas, que rexeite as substancias nocivas, que empregue as posturas corporais precisas nas súas accións, que mellore o coñecemento do seu corpo e do contorno que o rodea e mais que incremente o nivel de condición física e, por conseguinte, a súa saúde.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á atención á diversidade. Por medio da educación física desenvólvense interaccións co resto de persoas, o que favorece as relacións construtivas, o respecto, a aceptación, a cooperación, a autonomía, a participación, o sentido crítico e o logro de obxectivos comúns, propiciados polas múltiples e variadas agrupacións que se poden formar.

Igualmente, en educación física débese incidir na coeducación e na igualdade de oportunidades entre ambos os sexos. As actividades propostas atenderán do mesmo xeito os nenos e as nenas, integrando todas as persoas participantes indistintamente para poder acadar os obxectivos. O profesorado deberá equilibrar as actividades e materiais de xeito que non predomine ningún estereotipo e seleccionar aqueles que contribúan á participación equilibrada e motivada de nenos e de nenas. Outro aspecto que hai que ter en conta para favorecer a igualdade entre os sexos son as expectativas que o profesorado ten con respecto ás nenas e aos nenos, así como as expresións que se utilicen para favorecer as súas execucións e os resultados.

Finalmente, a educación física responde á necesidade e á capacidade de moverse que teñen os nenos e as nenas.

BLOQUES DE CONTIDO PARA A ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

O corpo: imaxe e percepción

Neste bloque trátanse as capacidades perceptivas. Veñen representadas polo esquema corporal, co coñecemento das partes do corpo e das súas posibilidades de movemento; pola percepción do espazo e pola do tempo. Tamén se inclúen neste bloque o equilibrio, debido á relación que ten coa percepción, o ton muscular (preciso para adoptar posturas cotiás) e a capacidade para relaxarse, así como a respiración.

A percepción do contorno comprende a do espazo e a do tempo, aspectos que evolucionan paralelamente ao desenvolvemento madurativo das nenas e dos nenos entre os 6 e os 12 anos (período de operacións concretas), idades de referencia da educación primaria. O equilibrio, pola súa banda, está en estreita relación coa actividade tónica e postural, aspectos presentes no esquema corporal.

Habilidades motrices

O segundo bloque de contidos céntrase nos aspectos cuantitativos do movemento, nas habilidades e na coordinación, capacidades que lle permiten ao alumnado moverse con eficacia e con eficiencia, facilitando a adaptación a situacións motrices complexas. A coordinación mellórase con gran cantidade e variedade de movementos, polo que vai estar moi relacionada coa adquisición das habilidades.

Actividades físicas artístico - expresivas

O terceiro bloque abrangue aspectos relacionados coa expresividade e coa comunicación utilizando o propio corpo a través do movemento. Aquí englobanse o ritmo, os bailes e danzas, a expresión, a imitación, a representación e a dramatización. O ritmo mellora a percepción temporal, polo que se relaciona co primeiro bloque de contidos. Desenvolverase a través de actividades con música, bailes, danzas ou coreografías, en función da idade do alumnado.

Outro dos aspectos específicos da expresión corporal é a dramatización e a comunicación a través do corpo. Esta incentivarase coa utilización de obxectos e coa interacción con outras persoas para representar personaxes, ideas, emocións, sentimentos, situacións... Valorarase especialmente a superación do medo ao ridículo, o respecto polas execucións alleas, a participación e o gozo practicando estas actividades. Favorecerase a creatividade incentivando o alumnado para que se exprese por medio de accións de acordo cuns estímulos dados e para que elabore coreografías en grupo xa nos últimos cursos.

Actividade física e saúde

Este bloque engloba todos aqueles contidos relacionados coa mellora da saúde e da calidade de vida en que a educación física pode influír. Algúns dos aspectos deste bloque son a hixiene (tanto corporal como postural), a alimentación, a condición física enfocada á saúde (que se relaciona co segundo bloque), a adopción de medidas de seguridade e a prevención de accidentes.

A hixiene corporal estará presente desde idades temperás. Fomentarase a hixiene do propio corpo, facendo fincapé no aseo e no cambio de roupa despois da sesión de educación física, buscando a perduración deste hábito ao longo da vida. En canto á hixiene postural, traballarase a aprendizaxe de posturas correctas, tanto relacionadas co exercicio físico coma coa vida cotiá. A alimentación ten especial relevancia na actualidade, xa que nos últimos anos se incrementaron os problemas relacionados cos hábitos alimenticios e coa falta de práctica de actividade física (anorexia, obesidade...); por iso ten que levarse a cabo un labor de concienciación en todos os ciclos como base para unha aprendizaxe ao longo da vida. Finalmente, as nenas e os nenos destas idades deben ser responsables con respecto á práctica da educación física e o deporte e coñecer certos parámetros (quecemento, relaxación, dosificación...) que evitarán accidentes e riscos innecesarios.

Xogos e deportes

O quinto bloque presenta contidos relacionados co xogo e coas actividades deportivas, entendidos como manifestacións culturais da motricidade humana. O xogo pode ser un recurso metodolóxico ou un contido con sentido propio, con fin en si mesmo. Neste caso priorízanse aspectos relativos á práctica de xogos e de deportes, á realización de xogos populares e tradicionais galegos e ao respecto polas normas e polas compañeiras e compañeiros.

O xogo está presente case desde o nacemento e vai evolucionando coa persoa. Antes, o xogo usábase cando non se estaba a traballar, como distensión, mais as correntes pedagóxicas actuais indican que é unha boa maneira de conseguir os obxectivos previstos (xogo como medio). Utilizaranse estratexias de cooperación, de oposición e de cooperación/oposición, experimentando a tensión intrínseca do xogo, aceptando a vitoria e a derrota, amosando respecto polo resto das persoas que xogan e polas normas e regras. Os xogos populares tradicionais de Galicia estarán presentes en todos os ciclos desta etapa educativa, de maneira que a área contribúa á conservación da cultura galega.

Nestes bloques intégranse os conceptos, procedementos e actitudes, aínda que non se diferencian explicitamente. A pesar de que debe haber unha sincronía entre a teoría e a práctica, os procedementos son prioritarios en educación física, xa que o carácter motriz da área implica un nivel determinado de práctica. Estes procedementos propician a adquisición dunha boa competencia no plano motor e conducen, irremediamente, cara á asimilación de conceptos. As actitudes permiten afrontar con interese e con respecto as situacións que se propoñan, contribuíndo ao desenvolvemento dunha personalidade equilibrada.

Para rematar, a actividade física debe ser enfocada de tal xeito que mellore as relacións afectivas e potencie as actitudes e valores dunha sociedade solidaria e respectuosa coas persoas, sen distincións por razón de sexo, de etnia, de relixión, de ideoloxía, de capacidade física ou sensorial...

CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA AO DESEÑO DAS COMPETENCIAS BÁSICAS E RELACIÓN CON DITAS COMPETENCIAS

Comunicación lingüística:

A educación física desenvolve esta competencia desde varias perspectivas, pero, en todas elas, grazas á variedade de intercambios comunicativos que permite, á parte do vocabulario específico que achega.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Certas actividades que se realizan en educación física e contribúen ao desenvolvemento da competencia matemática son:

- * **Apreciación de distancias, de traxectorias ou de velocidades nos lanzamentos, nas recepcións, nos golpes e en calquera tarefa de manipulación que se faga con móbiles, desenvolvendo tamén a percepción espacial.**
- * **A ocupación do espazo de acción, a dispersión, o agrupamento... Estes aspectos inflúen na boa adquisición das habilidades perceptivas e son importantes na maioría das actividades que se fan, especialmente nos deportes.**
- * **A formación de figuras xeométricas co corpo, tanto individualmente como en grupo (xogos de roda, distribución en ringleiras...) ou con distintos materiais (cordas, ladrillos de psicomotricidade...)**
- * **Interpretación de símbolos: por exemplo, ao traballar a orientación hai que entender a relación entre o que está representado no plano e a realidade, polo que resulta imprescindible interpretar os símbolos máis básicos.**
- * **Aumento da percepción: búscase enriquecer a percepción e o control do propio corpo (esquema corporal), do espazo e do tempo, mellorando deste xeito o coñecemento do mundo que nos rodea e as relacións coas demais persoas e cos obxectos.**
- * **Exploración e coñecemento doutros medios (acuático, natural, neve...): algunhas das actividades da área de educación física realízanse no medio natural ou incluso no medio acuático, o cal axudará o alumnado a coñecer as diferenzas, as súas características, os distintos espazos...**
- * **Mellora da saúde e da calidade de vida: entendida como o estado de completo benestar físico, mental e social, e non só como ausencia de enfermidade. A mellora na condición física (especialmente no terceiro ciclo) ten numerosas repercusións na saúde: diminución do peso corporal, aumento das cavidades do corazón, do ton muscular, da autoestima... Tamén contribúen á mellora da saúde e da calidade de vida o traballo da hixiene corporal, a adquisición de hábitos alimenticios axeitados, o rexeitamento da inxestión de substancias prexudiciais, así como a práctica de hixiene postural en accións cotiás e propias da actividade física.**

Competencia dixital.

A área de educación física contribúe a esta competencia desde os seguintes puntos de vista:

* Por unha banda, as nenas e os nenos aprenden a valorar criticamente as mensaxes referidas ao corpo, procedentes dos medios de información e de comunicación, que poden danar a imaxe corporal. Ademais deben saber seleccionar a información importante.

* Por outra banda, o alumnado ten que ser quen de achar a información usando as TIC: bases de datos, procesadores de texto, tratamento da imaxe, utilización de a internet como ferramenta de busca... Debe amosar un dominio básico de diferentes linguaxes (icónica, visual, sonora, gráfica...) e un coñecemento dos tipos de información, das súas fontes, das súas posibilidades e da súa localización.

Competencias sociais e cívicas.

As características da educación física, especialmente no que se refire á dinámica de relacións, presente nas sesións, fana axeitada para a educación en habilidades sociais:

* Cun axeitado enfoque metodolóxico e didáctico, faranse grandes achegas a esta competencia: a busca de obxectivos grupais comúns nun xogo cooperativo, o diálogo e a toma de decisións compartidas, as estratexias de cooperación ou oposición nos deportes, a comunicación... son un medio eficaz para facilitar a relación, a integración, o respecto, a cooperación e a solidariedade.

* A educación física conciencia e axuda a ter en conta ás demais persoas nas actividades propostas, a confiar nelas, a participar colectiva e grupalmente, a asumir os diferentes papeis e as regras do xogo, a compartir o éxito e o fracaso do equipo, a discutir e elixir representantes, normas, funcións... aceptando as posibilidades e limitacións propias e alleas, independentemente do sexo, da raza, das crenzas, das características físicas...

* Atenderase ao xogo limpo, responsabilizándose cadaquén da integridade do resto de participantes. No caso do xurdimento de conflitos, resolveranse por medio da negociación, baseada no diálogo.

Conciencia e expresións culturais.

A educación física achégase a esta competencia:

- **Apreciando a parte artística de certas execucións motrices. Potenciando o desenvolvemento estético, a creatividade, a imaxinación, a dramatización, a expresión. Deste xeito, as manifestacións artísticas significarán unha fonte de gozo e enriquecemento persoal, valorando criticamente as mensaxes difundidas. Entendendo algunhas manifestacións da motricidade humana como feitos culturais presentes en todas as culturas e civilizacións.**

Aprender a aprender.

O logro desta competencia ten relación coa metodoloxía e coa maneira de presentar as tarefas na organización do proceso de ensino - aprendizaxe:

* Aprender a aprender por medio das actividades cooperativas, en que o grupo-clase ten que buscar a colaboración e as achegas de todas as persoas que o compoñen, favorecendo o diálogo, a busca, o consenso, o razoamento e a comprensión das ideas achegadas polas e polos demais.

* O axeitado coñecemento de si mesma e de si mesmo, do propio corpo, das posibilidades de acción, do contorno que nos rodea, das demais compañeiras e compañeiros así como a comprensión dos patróns de movemento realizados para transferir a outras accións que favoreza o coñecemento das propias capacidades e a autoestima.

* Do mesmo xeito, as estratexias que cada nena e neno desenvolven con respecto ao autocontrol e ao control da actividade, regulando os seus movementos e accións e respondendo aos obxectivos propostos, favorecerán o feito de aprender a aprender.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

A educación física aborda a autonomía e a iniciativa persoal do alumnado desde varias perspectivas:

* Mellorando o coñecemento do seu propio corpo e do contorno ao estruturar o esquema corporal, así como a percepción do espazo e do tempo, de maneira que se gañe progresivamente autonomía e se fagan os movementos máis ricos e variados.

* Incrementando o nivel de habilidades e de capacidades e, en consecuencia, a autonomía e a iniciativa persoal.

* Utilizando unha metodoloxía que favoreza a exploración: os estilos de ensino que potencian a busca creando dúbidas nos coñecementos adquiridos ata o momento incrementan a capacidade do alumnado para realizar as accións con progresiva autonomía. A metodoloxía empregada tenderá á adquisición de aprendizaxes significativas, polo que é preciso que os contidos sexan coherentes desde un punto de vista obxectivo co nivel evolutivo e madurativo do alumnado. Desta maneira, conseguirase unha alta motivación, xa que as aprendizaxes terán conexión coas inxenuidades, necesidades e capacidades de cada neno e de cada nena.

Na etapa de educación primaria preténdese que todas as áreas curriculares estean relacionadas entre si (interdisciplinabilidade). Os contidos impartidos nelas deben ter conexión e o profesorado das diferentes áreas deberá estar coordinado e programar globalmente, o que favorecerá que os nenos e nenas perciban as aprendizaxes transmitidas como parte dun todo, relacionadas, cohesionadas e con coherencia.

Estruturar as aprendizaxes segundo a centros de interese pode ser unha boa alternativa para afianzar os coñecementos e garantir a calidade educativa.

Partirase de estilos de ensino que favorezan a busca, a indagación e a investigación, implicando aspectos mentais nas execucións motrices. O descubrimento guiado ou a resolución de problemas baseándose en propostas motrices levará as alumnas e os alumnos a investigar, razoar e chegar a unha ou varias posibles solucións.

O xogo é un recurso metodolóxico que debe utilizarse para gran parte dos contidos que se traten. Está sobradamente demostrada polas correntes pedagóxicas actuais a idoneidade deste para acadar as aprendizaxes propostas. O xogo ten un carácter natural, está presente nas persoas case desde o nacemento e pode ser multidisciplinar. Cómpre destacar os tradicionais de Galicia, que nun pasado tiveron gran difusión, e que sendo transmitidos de xeración en xeración. O desenvolvemento de xogos ou de actividades cooperativas favorecerá a adquisición de multitude de valores e de competencias básicas.

Finalmente, é preciso prestar especial atención á eliminación das diferenzas sexistas, buscando a igualdade de oportunidades para os dous sexos co fin de chegar así a unha verdadeira «coeducación física».

OBXECTIVOS XERAIS DA EDUCACIÓN FÍSICA

* Coñecer, aceptar e valorar o propio corpo e a actividade física como medio de exploración e de gozo das propias posibilidades motrices, de relación coas demais persoas e como recurso para organizar o tempo de lecer.

* Utilizar as propias capacidades motrices, habilidades e destrezas e o coñecemento que o alumnado posúe da estrutura e funcionamento do corpo para adaptar o movemento ás circunstancias e condicións de cada situación.

* Utilizar os recursos expresivos do corpo e do movemento de xeito estético e creativo, comunicando sensacións, emocións, ideas e estados de ánimo.

* Regular e dosificar o esforzo, asumindo un nivel de auto esixencia acorde coas posibilidades de cadaquén e coa natureza da tarefa que se está a realizar.

* Apreciar a actividade física para o benestar, manifestando unha actitude responsable cara a si e cara ao resto das persoas e recoñecendo os efectos da actividade física, da hixiene corporal, da alimentación e dos hábitos posturais sobre a saúde e a calidade de vida.

* Participar en actividades físico - deportivas compartindo proxectos, establecendo relacións de cooperación para acadar obxectivos comúns, resolvendo por medio do diálogo os conflitos que poidan xurdir e evitando discriminacións por características persoais, de xénero, sociais e culturais.

* Coñecer e valorar a diversidade de actividades físicas, lúdicas e deportivas como elementos culturais, amosando unha actitude crítica, tanto desde a óptica de participante como desde a de público.

* Adquirir, elixir e aplicar principios e regras para resolver problemas motores e actuar de xeito eficaz e autónomo na práctica de actividades físicas, deportivas e artístico - expresivas.

* Coñecer e practicar xogos, deportes e/ou bailes tradicionais propios da cultura galega, amosando interese pola indagación neste eido e pola súa difusión e valorando as repercusións que teñen na nosa sociedade.

OBXECTIVOS PARA O SEXTO CURSO DE PRIMARIA

* **Unha vez realizadas as probas correspondentes á AVALIACIÓN INICIAL e analizados os seus resultados decídese facer fincapé, ademais dos propios do curso en aqueles obxectivos relativos á mellora da condición física xeral e, particularmente, os relacionados coa resistencia e a flexibilidade tanto polo baixo nivel atopado unha vez realizadas as probas, como pola esixencia de ambos obxectivos na Educación Secundaria.**

* **Axustar as accións do corpo aos cambios nas condicións da actividade, de maneira económica e eficaz, incidindo nos mecanismos de percepción, de decisión e de control motor.**

Trátase de comprobar o axuste do alumnado ás condicións e características específicas de cada situación motriz, dado que é preciso escoller o patrón motor axeitado en cada momento coa maior economía para cumprir o obxectivo proposto (eficiencia), atendendo aos mecanismos da aprendizaxe motora.

* **Adaptar os desprazamentos, saltos e xiros a diferentes contornos que poidan presentar incerteza, sexan coñecidos ou descoñecidos.**

Preténdense avaliar as habilidades básicas, buscando adaptalas a condicións de execución cada vez máis complexas, así como a outros medios: medio natural, medio acuático... Valorarase a variedade de desprazamentos (carreira, cuadrupedia, reptación, propulsión...), de saltos (con ou sen carreira previa, cunha perna, coas dúas...) e de xiros (nos eixos lonxitudinal, transversal e antero-posterior).

* **Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada nos xogos ou actividades motrices e deportivas que o requiran, axustándose axeitadamente á situación no terreo de xogo, ás distancias e ás traxectorias.**

Compróbase o dominio que ten o alumnado das manipulacións e do manexo de obxectos e de móbiles en situacións de xogo e interactuando co resto das persoas participantes, tanto do equipo propio coma do contrario. Avaliarase a coordinación no lanzamento (adiantar a perna contraria ao brazo de lanzar); a adecuación deste ás condicións variables de cada situación motriz; a orientación do corpo en función da traxectoria, da dirección e da velocidade do móbil e a capacidade de anticipación.

* **Incrementar globalmente a condición física, axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.**

Valórase se o alumnado amosa unha predisposición de cara á mellora das súas capacidades físicas básicas. Farase especial fincapé en comprobar a dosificación do esforzo en función da propia capacidade, adaptando o exercicio ás posibilidades e limitacións.

* **Construír composicións grupais interaccionando coas demais persoas, utilizando os recursos expresivos do corpo e do movemento, dos materiais e dos obxectos e atendendo a estímulos musicais, plásticos ou verbais.**

Avaliase se os nenos e as nenas son capaces de expresar individualmente gran variedade de situacións, de ideas, de emocións, de sentimentos, de estados de ánimo, de mensaxes... por medio da linguaxe corporal e apoiándose en varios aspectos e materiais.

Con este criterio valórase tamén a capacidade para adecuarse a outras persoas e crear grupalmente un pequeno «espectáculo». Teranse en conta a creatividade, a soltura e a desinhibición.

*** Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual da actividade física e a mellora da saúde e da calidade de vida e actuar de acordo con elas.**

Quérese verificar se os alumnos e as alumnas son conscientes da relación que existe entre a actividade física practicada de forma coherente, axeitada e habitual e a mellora da saúde e da calidade de vida. Comprobarase a predisposición cara á realización de exercicio físico, cara á adopción de posturas correctas, cara á adquisición de hábitos de hixiene, cara á alimentación e hidratación axeitadas, cara á adopción de medidas de seguridade, cara ao rexeitamento de prácticas pouco saudables (inxestión de substancias nocivas, actividades físicas perigosas...) e cara á prevención de accidentes ao realizar actividade física. Valorarase o interese por buscar información variada e en distintos medios, así como a capacidade de reflexión crítica sobre as mensaxes que estes medios acheguen.

*** Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio equipo para resolver retos ou opoñerse ás do equipo contrario nun xogo ou actividade deportiva colectiva, establecendo relacións construtivas e equilibradas.**

Preténdense avaliar as relacións e interaccións coas demais persoas participantes nos xogos e deportes realizados. Atenderase ás accións de cooperación e de oposición (comunicación e contracomunicación motriz) e á axeitada ocupación do terreo de xogo.

Terase en conta que as relacións entre as persoas participantes dun e doutro equipo sexan respectuosas, equilibradas e non discriminatorias.

*** Identificar como valores fundamentais dos xogos e das actividades deportivas o esforzo persoal e as relacións co grupo, resolvendo de forma crítica as situacións conflitivas que poidan xurdir.** Avaliase se as alumnas e os alumnos valoran o esforzo nos xogos e nos deportes practicados, o xogo limpo, as relacións coas demais persoas e a resolución pacífica dos conflitos e das desavinzas xurdidas.

Prestaráselles atención á expresión de opinións, ao diálogo, ao debate e á adopción de criterios propios, así como á comprensión do punto de vista do resto das persoas, máis ca aos resultados da propia actividade (gañar ou perder).

*** Coñecer, practicar e valorar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia, recompilando información sobre eles e interesándose pola súa conservación.**

Búscase comprobar que o alumnado recompile e achegue información sobre xogos e xoguetes, deportes, danzas ou bailes propios da nosa comunidade autónoma, facendo para iso traballo de campo, utilizando as TIC, a biblioteca da aula, a do centro, a municipal ou calquera outro medio. Avaliarase a práctica das ditas actividades e o interese pola súa transmisión e conservación.

DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS DO SEXTO CURSO POR BLOQUES

Bloque 1. O corpo: imaxe e percepción.

- * Interiorización da imaxe e do esquema corporal, representación e uso dos elementos orgánico-funcionais no movemento.
- * Control corporal en situacións motrices complexas: utilización da capacidade de tensión e de relaxación.
- * Adquisición dunha axeitada mecánica respiratoria, valorando a súa importancia.
- * Adaptación da postura ás necesidades expresivas e motrices de xeito eficiente, fluído e harmónico.
- * Execución de movementos de certa dificultade cos segmentos corporais dominantes e non dominantes.
- * Realización de equilibrio estático, dinámico e con obxectos en situacións complexas e descoñecidas.
- * Estructuración e organización espacio-temporal en accións e en situacións motrices complexas.
- * Valoración e aceptación da propia realidade corporal, reflexionando criticamente acerca das mensaxes proporcionadas polos medios de comunicación.
- * Seguridade, confianza e autonomía persoal.

Bloque 2. Habilidades motrices.

- * Adaptación das habilidades motrices básicas e específicas a diferentes situacións.
- * Uso das habilidades motrices básicas aplicadas a actividades deportivas e rítmicas complexas con eficiencia e creatividade.
- * Aplicación de habilidades específicas en iniciación deportiva de maneira óptima.
- * Dominio motor e corporal, seguridade e autonomía en medios diversos: natural, acuático, a neve...
- * Acondicionamento físico xeral orientado á mellora da execución das habilidades motrices.
- * Práctica de coordinacións globais e específicas en situacións complexas.
- * Valoración do traballo ben executado desde o punto de vista motor.
- * Disposición favorable para participar en actividades físicas diversas, esforzándose e aceptando as diferenzas no nivel de habilidade.

Bloque 3. Actividades físicas artístico-expresivas.

- * Concienciación e uso axeitado das posibilidades expresivas e comunicativas da linguaxe corporal.
- * Elaboración de composicións grupais representando situacións variadas e atendendo a diferentes estímulos.
- * Expresión e comunicación de sentimentos e de emocións individuais e grupais a través do corpo, do xesto e do movemento.

- * Representacións e improvisacións artísticas por medio da linguaxe corporal e coa axuda de obxectos e materiais.
- * Composición de movementos variados a partir da combinación de estímulos rítmicos e musicais.
- * Execución de bailes e de danzas e elaboración de coreografías.
- * Participación desinhibida en situacións de comunicación corporal e de respecto ante as execucións alleas.
- * Valoración da expresión e da comunicación corporal como importantes para a educación integral.

Bloque 4. Actividade física e saúde.

- * Autonomía na hixiene corporal e adquisición de hábitos posturais axeitados na vida cotiá e na actividade física.
- * Busca de información e análise crítica sobre aspectos alimentarios (proteínas, carbohidratos, lípidos...) para unha vida saudable.
- * Recoñecemento dos efectos beneficiosos da actividade física na saúde, identificación e rexeitamento das prácticas pouco saudables.
- * Incremento da condición física co obxectivo de mellorar a saúde.
- * Prevención de lesións na actividade física: quecemento, dosificación do esforzo, recuperación/relaxación, primeiros auxilios...
- * Utilización correcta e respectuosa do contorno, adoptando medidas de seguridade e de prevención de accidentes na actividade física. * Actitude favorable cara á actividade física con relación á saúde.

Bloque 5. Xogos e deportes.

- * Recoñecemento do xogo e do deporte como fenómenos sociais e culturais: tipos de xogos e de actividades deportivas.
- * Aceptación e respecto cara ás normas, cara aos regulamentos, cara ás estratexias e cara ás persoas que participan no xogo, así como cara ao papel que corresponda desempeñar.
- * Realización de xogos e de actividades deportivas de diversas modalidades e de dificultade crecente.
- * Recompilación de información sobre xogos e deportes populares, autóctonos e tradicionais de Galicia e práctica destes.
- * Utilización axeitada e valoración das estratexias básicas do xogo: cooperación, oposición e cooperación/oposición.
- * Valoración do esforzo persoal e do colectivo nos diferentes tipos de xogos e actividades deportivas á marxe de preferencias e de prexuízos.
- * Aprecio do xogo e do deporte como medio de desfrute, de relación, de saúde e de ocupación do tempo de lecer.

OBXECTIVOS PARA 6º CURSO

1. Saber que o corpo medra e cambia.
2. Saber que cada persoa medra e cambia a distinto ritmo.
3. Coñecer as posibilidades de movemento que ten o corpo.
4. Comprobar o gasto de enerxía que se produce coa a práctica de exercicios físicos.
5. Coñecer os componentes vitais dos alimentos.
6. Coidar a postura, buscando sempre o equilibrio corporal.
7. Experimentar equilibrios estáticos e dinámicos.
8. Mellorar a coordinación motriz e sus requisitos.
9. Ser quen de desenvolverse afeitadamente polo espazo das actividades.
10. Coñecer e distinguir os criterios hixiénicos relacionados co medio ambiente.

11. Practicar diferentes formas de desprazamentos e coñecer as funcións que cumpren.
12. Distinguir diferentes xeitos de salto e experimentar con eles.
13. Practicar distintas formas de xiro, analizando os eixos, as posicións e as traxectorias.
14. Entender e poñer en práctica o mecanismo dos lanzamentos e as recepcións.
15. Coñecer as normas de prevención de riscos e de seguridade nos xogos e e nas demais actividades físicas.
16. Coñecer e practicar o quecemento.
17. Practicar e mellorar a flexibilidade.
18. Aprender a medir a flexibilidade.
19. Coñecer aa resistencia e os seus diferentes tipos.
20. Practicar actividades que desenvolvan a resistencia aeróbica.
21. Calcular a velocidade dos movementos.
22. Valorar a importancia que ten a actividade física para manter a saúde.
23. Coñecer a orixe e a importancia dos xogos.
24. Diferenciar entre xogos de oposición e de cooperación.
25. Practicar xogos cooperativos.
26. Experimentar coa conducción e o pase de balón en diferentes deportes.
27. Valorar a importancia das regras de xogo.
28. Inventar xogos e deportes coas súas normas e regras.
29. Previr os riscos que se pueden orixinar durante as prácticas físicas.
30. Entender o concepto de «expresión corporal».
31. Valorar a importancia da expresión corporal como contido de Educación Física.
32. Coñecer o corpo para expresarse a traveso del.
33. Aprender a utilizar os xestos e as posturas na expresión corporal.
34. Recoñecer a danza como forma de expresión individual e colectiva.
35. Contar historias a través da danza.
36. Entender o teatro como un medio de educación e de expresión.
37. Elaborar un guion de teatro.
38. Entender o ocio activo como elemento beneficioso para a saúde.

CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN

TEMPORALIZACIÓN: Setembro: PROBAS DE AVALIACIÓN INICIAL

UNIDADE 1

TEMPORALIZACIÓN : Outubro, novembro, decembro

CONTIDOS

Os cambios corporais.
Ósos, músculos e movemento.
Alimentación, enerxía e movemento.
O coidado da postura.
O equilibrio. Concepto e tipos.
La coordinación motriz.
O espacio de acción.
Normas hixiénicas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE

- 1.1. Entende que o corpo medra e cambia.
- 2.1. Sabe que cada persona medra e evoluciona a distinto ritmo.
- 3.1. Coñece as posibilidades de movemento que ten o corpo.
- 4.1. É consciente do gasto de enerxía que se produce coa práctica de exercicios físicos.
- 5.1. Coñece os componentes vitais dos alimentos.
- 6.1. Coida a postura, buscando sempre o equilibrio corporal.
- 7.1. Experimenta equilibrios estáticos e dinámicos.
- 8.1. Coñece a coordinación motriz e os seus requisitos, e utilízalos de xeito práctico..
- 9.1. Desenvolve axeitadamente polo espacio das actividades.
- 10.1. Coñecece, distingue e respecta os criterios hixiénicos relacionados co medio ambiente.

COMPETENCIAS

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELAS

Comunicación lingüística

- Lectura comprensiva para motivar o interese polos contidos da unidade e fomentar a reflexión razonada sobre eles.
- Exposición, tras el análisis da información contida na lámina inicial, das diferentes actividades físicas que en ella se representan.
- Uso correcto dos términos referidos ás diferentes zonas da columna vertebral.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía

- Realización de medicións.
- Desenvolvemento do sentido da orientación e aplicación sobre as distancias e los períodos de tempo.

Competencia dixital

- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

Aprender a aprender

- Aplicación dos coñecementos adquiridos sobre los diferentes tipos de equilibrio.
- Manexo eficaz dos recursos e das técnicas adquiridos no desenvolvemento das habilidades motrices.
- Prácticas de accións coordinadas.
- Análise das posturas forzadas que, as veces, poden adoptar os alumnos.
- Recollida de datos sobre o grado de orientación que van adquirindo os alumnos e detección das súas habilidades para desenvolverse no espazo.

Competencias sociais e cívicas

- Valoración do coñecemento do corpo.
- Comprobación da aceptación dos cambios que se orixinan no corpo.
- Manifestación de actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Toma de decisións nas actividades coordinativas.
- Participación en todas as actividades plantexadas, toma de decisións e comportamento responsable.
- Apreciación das iniciativas e as aportacións dos demais.
- Cumprimento das rutinas de hixiene e de coidado do corpo, así como das actitudes adquiridas para o coidado do medio ambiente.

UNIDADE 2

TEMPORALIZACIÓN: Xaneiro, febreiro e marzo

CONTIDOS

Desprazamentos de diversos tipos.

Saltar, xirar e voltear.

Lanzar e recibir.

Normas de seguridade nas actividades físicas.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

- 1.1. Practica diferentes formas de desprazamentos e coñece as funcións que cumpren.
- 2.1. Distingue diferentes tipos de saltos e experimenta con eles.
- 3.1. Practica diversas formas de xiro.
- 4.1. Entende e pon en práctica o mecanismo dos lanzamentos.
- 5.1. Coñece as normas de prevención de riscos e de seguridade en diversos xogos e nas actividades físicas.

COMPETENCIAS

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A

DESENVOLVELAS

Comunicación lingüística

- Uso correcto dos términos referidos aos tres momentos imprescindibles del salto.

Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología

- Realización de diferentes tipos de trayectorias nos desprazamentos.

Competencia dixital

- Realización de actividades interactivas vinculadas á unidade.

Aprender a aprender

- Aplicación dos coñecementos adquiridos sobre os diferentes tipos de desprazamentos.
- Realización de circuitos con obstáculos para saltar.
- Prácticas de xiros dende as distintas posicións.
- Prácticas de lanzamentos e recepcións de diferentes obxectos en posicións de parada o en carreira.

Competencias sociais e cívicas

- Valoración da importancia que ten no desenvolvemento das habilidades motrices.
- Adquisición do hábito de practicar actividade física de forma regular.
- Utilización da actividade física para facilitar a relación, a integración e o respecto.
- Valoración do traballo e das aportacións dos demais, sen discriminar por razóns de sexo, clase, orixe ou cultura.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Capacidade de buscar solucións aos problemas plantexados e de levarlas á práctica.
- Organización individual e colectiva de actividades físicas lúdicas.
- Adopción das normas imprescindibles para a seguridade en na actividade física.
- Capacidade para tomar decisións seguras na práctica de volteretas.
- Participación en todas las actividades plantexadas, tomando decisións e comportándose con responsabilidade.

UNIDADE 3

TEMPORALIZACIÓN: Febreiro, marzo

CONTIDOS

O quecemento.

A flexibilidade.

A resistencia.

A velocidade.

A actividade física e a súa relación coa saúde.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Coñece e practica correctamente o quecemento.

Acondiciona e mellora a flexibilidade.

Practica actividades que melloran a capacidade de resistencia aeróbica.

Valora a importancia que ten a actividade física para manter a saúde.

COMPETENCIAS

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELOS

Comunicación lingüística

- Uso correcto dos termos referidos ás actividades que se realizan nun quecemento.
- Enumeración das instalacións destinadas á práctica de actividades físicas que existen nas proximidades.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

- Realización de medicións da flexibilidade.
- Cálculo da velocidade dos nosos movementos.

Aprender a aprender

- Práctica de un quecemento xeral.
- Práctica de exercicios de flexibilidade por parellas.
- Coñecemento das diferenzas existentes entre a resistencia aeróbica e a anaeróbica, e práctica de actividades de resistencia aeróbica.
- Realización de xogos que fomentan a velocidade.
- Utilización segura, en situacións diferentes, dos coñecementos adquiridos.
- Participación activa no proceso de aprendizaxe, plantexándose preguntas, autoevaluándose e concienciándose do que debe aprender.

Competencias sociais e cívicas

- Desenvolvemento de actitudes de diálogo e aceptación, e elaboración de normas de convivencia.
- Comprensión dos aspectos sociais da actividade física, utilizándoos para facilitar a relación, a integración e o respecto.
- Valoración da actividade física como elemento indispensable para preservar a saúde, observando as súas posibilidades e os seus límites personalís.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Capacidade para afrontar as tarefas e os problemas con responsabilidade, mostrando iniciativa e creatividade, realizando unha planificación axeitada, calculando e asumindo riscos, e aprendendo dos erros.

- Mellora autónoma e progresiva da súa resistencia.
- Cálculo individual da súa velocidade e traballo para intentar melloralala.

UNIDADE 4

TEMPORALIZACIÓN: Abril, maio,

CONTIDOS

O xogo como actividade humana.
Xogos de oposición.
Xogos populares e tradicionais
Xogos cooperativos
Conducción de balóns
Pases de balóns.
As regras de xogo.
Creación de regras para determinados xogos.
Seguridade e risco nos deportes.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Coñece a orixe e a importancia dos xogos.
Diferencia entre xogos de oposición e de cooperación.
Practica xogos cooperativos.
Practica xogos tradicionais e populares.
Experimenta coa conducción e o pase de balón.
Valora a importancia das regras de xogo.
É quen de elaborar e consensuar regras para diferentes xogos.
Ten en conta os riscos que se poden orixinar durante as prácticas físicas.

COMPETENCIAS

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELOS

Comunicación lingüística

- Definición dos xogos de cooperación e de oposición.
- Definición dos xogos tradicionais e populares.

Aprender a aprender

- Práctica de xogos de golpes, lanzamentos e rodamentos de balóns.

- Desenvolvemento da precisión nos lanzamentos de balóns.
- Práctica de xogos de oposición e de cooperación.
- Conducción de balóns coas mans e cos pés.
- Invención de regras de xogo.
- Verificación y aplicación dos coñecementos adquiridos na práctica de actividades físicas.

Competencias sociais e cívicas

- Interese polos xogos cooperativos e valoración das posibilidades de relación que ofrecen.
- Implicación nos xogos propostos, integrándose no grupo e amosando respecto polos demais.
- Comprensión do xogo como un medio social de educación física.
- Aceptación das regras de xogo acordadas entre todos.
- Valoración do xogo limpio.
- Respeto polas normas de seguridade nos xogos e nos deportes para evitar riscos que dañen a súa saúde.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Toma de decisións para diseñar xogos e organización de actividades lúdicas colectivas aplicando as habilidades motrices.
- Iniciativa e capacidade creativa na organización de actividades lúdico-deportivas.

UNIDADE 5

TEMPORAIZACIÓN: xuño

CONTIDOS

Concepto de «expresión corporal».
Xestos e posturas expresivas.
Danza expresiva e comunicativa.
Elaboración de un guion de teatro.
Ocio creativo e activo.

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Entende el concepto de «expresión corporal».
Valora la importancia de la expresión corporal como contenido de la Educación Física.
Coñece o corpo para expresarse a traveso del.
Aprende a utilizar os xestos e as posturas.
Recoñece a danza como forma de expresión individual e colectiva.
Conta historias a traveso da danza.
Entende o teatro como un medio de educación e de expresión.
Elabora un guion de teatro

Entende o ocio activo como elemento beneficioso para a saúde.

COMPETENCIAS

CONTIDOS E ACTIVIDADES ESPECIALMENTE DESTINADOS A DESENVOLVELOS

Comunicación lingüística

- Comprensión da linguaxe corporal como medio de comunicación.
- Uso correcto dos términos «extravertido» e «introvertido».
- Comentario sobre a utilización dos xestos corporais.

Aprender a aprender

- Observación da implicación dos sentimentos na linguaxe corporal.
- Expresión de ideas, sensacións e sentimentos utilizando como recursos o corpo e o seu movemento.
- Organización individual e colectiva de actividades expresivas.
- Realización de actividades de dramatización.
- Elaboración de un guion.
- Experimentación coa linguaxe do corpo.
- Experimentación de formas de comunicación a través de la danza expresiva.

Competencias sociais e cívicas

- Valoración do coñecemento do corpo e das súas capacidades expresivas.
- Interese polas formas de comunicación non verbal.
- Utilización das manifestacións artísticas como fonte de enriquecemento e disfrute.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

- Desenvolvemento da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Valoración das iniciativas e as aportacións dos demás.

Conciencia e expresións culturais

- Coñecemento da riqueza cultural mediante a práctica de diferentes danzas.
- Valoración das manifestacións culturais da motricidade humana (xogos tradicionais, danza).

AVALIACIÓN

Entendemos a Avaliación como un xeito de analizar, valorar e describir os resultados do proceso de ensino - aprendizaxe.

Observaranse os cambios realizados ao longo deste proceso segundo as seguintes pautas:

- **Avaliación personalizada mediante a observación diaria das evolucións do alumno, da súa implicación e atención no desenrolo das tarefas.**
- **Avaliación personalizada en función da evolución individual e a progresión dentro das capacidades do alumno e en función delas.**

- Terase en conta a asistencia, a actitude e participación, o respecto polos compañeiros e profesor e o respecto polas normas.
- Avaliación da execución de algunhas tarefas mediante soportes non convencionais (vídeo).
- Os criterios de Ficha de seguimento de comportamento e hábitos..
- Ficha de seguimento de diversas probas e Test.
- Avaliación do Ciclo.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA SEXTO CURSO

Comprobar se o alumno e quen de:

* Axustar as accións do corpo aos cambios nas condicións da actividade, de maneira económica e eficaz, incidindo nos mecanismos de percepción, de decisión e de control motor.

Trátase de comprobar o axuste do alumnado ás condicións e características específicas de cada situación motriz, dado que é preciso escoller o patrón motor axeitado en cada momento coa maior economía para cumprir o obxectivo proposto (eficiencia), atendendo aos mecanismos da aprendizaxe motora.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

* Adaptar os desprazamentos, saltos e xiros a diferentes contornos que poidan presentar incerteza, sexan coñecidos ou descoñecidos.

Preténdense avaliar as habilidades básicas, buscando adaptalas a condicións de execución cada vez máis complexas, así como a outros medios: medio natural, medio acuático... Valorarase a variedade de desprazamentos (carreira, cuadrupedia, reptación, propulsión...), de saltos (con ou sen carreira previa, cunha perna, coas dúas...) e de xiros (nos eixos lonxitudinal, transversal e antero-posterior).

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Aprender a aprender.

* Lanzar, pasar e recibir pelotas ou outros móbiles de maneira controlada nos xogos ou actividades motrices e deportivas que o requiran, axustándose axeitadamente á situación no terreo de xogo, ás distancias e ás traxectorias.

Compróbase o dominio que ten o alumnado das manipulacións e do manexo de obxectos e de móbiles en situacións de xogo e interactuando co resto das persoas participantes, tanto do equipo propio coma do contrario. Avaliarase a coordinación no lanzamento (adiantar a perna contraria ao brazo de lanzar); a adecuación deste ás condicións variables de cada situación motriz; a orientación do corpo en función da traxectoria, da dirección e da velocidade do móbil e a capacidade de anticipación.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Aprender a aprender.

Incrementar globalmente a condición física, axustando a súa actuación ao coñecemento das propias posibilidades e limitacións corporais e de movemento.

Valórase se o alumnado amosa unha predisposición de cara á mellora das súas capacidades físicas básicas. Farase especial fincapé en comprobar a dosificación do esforzo en función da propia capacidade, adaptando o exercicio ás posibilidades e limitacións.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

*** Construír composicións grupais interaccionando coas demais persoas, utilizando os recursos expresivos do corpo e do movemento, dos materiais e dos obxectos e atendendo a estímulos musicais, plásticos ou verbais.**

Avaliáase se os nenos e as nenas son capaces de expresar individualmente gran variedade de situacións, de ideas, de emocións, de sentimentos, de estados de ánimo, de mensaxes... por medio da linguaxe corporal e apoiándose en varios aspectos e materiais.

Con este criterio valórase tamén a capacidade para adecuarse a outras persoas e crear grupalmente un pequeno «espectáculo». Teranse en conta a creatividade, a soltura e a desinhibición.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencias sociais e cívicas.

Conciencia e expresións culturais.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

*** Identificar algunhas das relacións que se establecen entre a práctica correcta e habitual da actividade física e a mellora da saúde e da calidade de vida e actuar de acordo con elas.**

Quérese verificar se os alumnos e as alumnas son conscientes da relación que existe entre a actividade física practicada de forma coherente, axeitada e habitual e a mellora da saúde e da calidade de vida. Comprobarase a predisposición cara á realización de exercicio físico, cara á adopción de posturas correctas, cara á adquisición de hábitos de hixiene, cara á alimentación e hidratación axeitadas, cara á adopción de medidas de seguridade, cara ao rexeitamento de prácticas pouco saudables (inxestión de substancias nocivas, actividades físicas perigosas...) e cara á prevención de accidentes ao realizar actividade física. Valorarase o interese por buscar información variada e en distintos medios, así como a capacidade de reflexión crítica sobre as mensaxes que estes medios acheguen.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencias sociais e cívicas.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

*** Actuar coordinada e cooperativamente coas persoas que compoñen o propio equipo para resolver retos ou opoñerse ás do equipo contrario nun xogo ou actividade deportiva colectiva, establecendo relacións construtivas e equilibradas.**

Preténdense avaliar as relacións e interaccións coas demais persoas participantes nos xogos e deportes realizados. Atenderase ás accións de cooperación e de oposición (comunicación e contracomunicación motriz) e á axeitada ocupación do terreo de xogo.

Terase en conta que as relacións entre as persoas participantes dun e doutro equipo sexan respectuosas, equilibradas e non discriminatorias.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencias sociais e cívicas.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

*** Identificar como valores fundamentais dos xogos e das actividades deportivas o esforzo persoal e as relacións co grupo, resolvendo de forma crítica as situacións conflitivas que poidan xurdir.** Avaliáse se as alumnas e os alumnos valoran o esforzo nos xogos e nos deportes practicados, o xogo limpo, as relacións coas demais persoas e a resolución pacífica dos conflitos e das desavinzas xurridas. Prestaráselles atención á expresión de opinións, ao diálogo, ao debate e á adopción de criterios propios, así como á comprensión do punto de vista do resto das persoas, máis ca aos resultados da propia actividade (gañar ou perder).

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencias sociais e cívicas.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

*** Coñecer, practicar e valorar xogos e deportes populares tradicionais de Galicia, recompilando información sobre eles e interesándose pola súa conservación.**

Búscase comprobar que o alumnado recompile e achegue información sobre xogos e xoguetes, deportes, danzas ou bailes propios da nosa comunidade autónoma, facendo para iso traballo de campo, utilizando as TIC, a biblioteca da aula, a do centro, a municipal ou calquera outro medio. Avaliarase a práctica das ditas actividades e o interese pola súa transmisión e conservación.

A consecución deste obxectivo ten relación coas seguintes competencias:

Competencia sociais e cívicas.

Competencia matemática e competencia básica en ciencia e tecnoloxía.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Tendo en conta que a finalidade última da Educación Física, como en calquera das áreas da Primaria, debe ser a formación integral da persoa os principais elementos a ter en consideración serán aqueles que fan referencia ao desenrolo de valores, respecto polos compañeiros, o profesorado e polas normas da área e dos diversos xogos.

Valorarase igualmente o grao de implicación do alumnado nas actividades propostas nas diferentes sesións, o seu interese en realizar axeitadamente ditas actividades e o grao de consecución dos obxectivos e adquisición de contidos.

Dito o anterior e, atendendo aos criterios expostos, cabe a posibilidade de que un alumno que dende o punto de vista motriz é sobresaínte vexa rebaixada a súa cualificación por falta de implicación nas actividades, por faltas ao respecto polos compañeiros e ao profesor ou por desinterese no relativo aos hábitos, e outro non moi destacado dende o punto de vista da execución motriz reciba, nembargantes, unha cualificación sobresaínte polo seu esforzo nas tarefas, polo respecto aos

compañeiros e o profesor e polo cumprimento das normas da Área e dos diversos xogos.

METODOLOXÍA

Tentaremos seguir unha metodoloxía constructiva, achegándonos á realidade dos alumnos e ás súas diferenzas individuais tentando que eles interpreten as ensinanzas e superen as súas limitacións.

A metodoloxía das sesións é globalizadora, participativa e lúdica na meirande parte das sesións.

Empregarase, nunha grande parte das sesións, a técnica do “Descobremento guiado”. En menor medida utilizarase a “Percura” e o “Ensaio-erro” e, nunhas poucas sesións e, fundamentalmente, por cuestión de economía de tempo en función da amplitude dos contidos, utilizarase a “Instrucción directa” como técnica de ensino.

Tanto a metodoloxía como a técnica de ensino estarán axeitados aos obxectivos que se pretendan acadar e ao tempo dispoñible para facelo respectando en todo caso os procesos individuais de Aprendizaxe e a incidencia nos procesos cognitivos e afectivos en todos os tipos de Aprendizaxe.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Tendo en conta as particularidades físicas e de desenrolo de cada alumno e os diferentes ritmos de aprendizaxe axectaránse as actividades ás características do alumnado facendo, nos casos oportunos, as correccións nos obxectivos e as adaptacións do Currículo que precisen os alumnos para acadar os obxectivos de acordo coas súas características persoais e establecendo as modificacións en canto a espazos, materiais e tipo de actividade precisas para o seu desenrolo.

MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Ademais dos espazos físicos para o desenrolo das sesións (ximnasio, pistas polideportivas, vestiarios, duchas, etc...) dispoñemos de pelotas de diverso tipo (baloncesto, balonmán de aprendizaxe, rugby, fútbol, pelotas brandas de aprendizaxe, voleibol, tenis, hockey), colchonetas, colchoneta “quitamedos”, esterillas, panos, botellas, chapas de refresco e envases de iogurt (material de reciclaxe), sacos de arroz, ladrillos e vallas plásticas, aros, picas, cordas, bancos suecos, pelotas xigantes, zancos, camisetas e petos de cores para facer equipos, etc...

Os recursos didácticos máis utilizados, ademais da propia programación de aula, son as Actividades Jclic para Educación física, a Enciclopedia dos xogos populares “Chirlosmirlos” de Antón Cortizas e ficheiros diversos de xogos que se poden atopar en Internet.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Estimular ao alumnado para a realización das actividades en horario de tarde (karate, fútbol, natación, baile, ximnasia rítmica), ou ben as que se poden realizar nos Clubes da zona.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Actividades de Iniciación ao Piragüismo en Praia América.
Desprazamento ao Cean para actividade de prácticas cos bolos ou Birlos Celtas.

ACCÍONS PREVISTAS NO PROXECTO LECTOR

Lectura diaria, antes do comezo das sesións, de diversas noticias dos xornais relacionadas co mundo do deporte.

Percura na Biblioteca Escolar, a través de soporte escrito, de información sobre xogos tradicionais e populares.

ACCIÓN PREVISTAS NO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TICs

Realización de actividades na Aula Informática con materiais Java “Jclíc” para Educación física e Coñecemento do Medio (aquelas que gardan relación co coñecemento do Corpo humano e a alimentación fundamentalmente).

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

A presente programación será revisada anualmente de dúas maneiras:

1ª) Observación diaria da súa adecuación aos intereses do alumnado e ao grao de adquisición dos contidos establecidos para a sesión con anotacións diarias das correccións pertinentes se houbera lugar a elas.

2ª) Corrección (a finais de curso) dos diferentes aspectos observados atendendo a criterios de practicidade en canto á facilidade de adquisición de contidos, utilidade (favorecendo a través de actividades de percura un maior grao de adquisición) e Observando o nivel de aceptación das actividades polo alumnado de xeito que se favoreza a inclusión de aquelas máis valoradas polo seu carácter lúdico e participativo.

AXUSTES DA PROGRAMACIÓN EN CASO DE ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL

A pandemia do Coronavirus pode cambiar o escenario educativo e por ese motivo farei uns axustes da programación a nivel de estándares de aprendizaxes, criterios de avaliación e metodoloxía.

Respecto aos estándares de aprendizaxe imprescindibles serían:

*Expresa a través do seu corpo ideas e conceptos.

*Realiza exercicios correctamente e a hixiene ao final da clase.

***Faise unha mención inical e valoración das súas posibilidades incidindo na importancia do estiramento.**

***Participa no desenvolvemento de actividades aportando ideas.**

Respecto aos criterios de avaliacións serían:

***Comunicar sensacións, emocións, sentimentos e ideas, a través dos recursos expresivos do corpo e o movemento, de forma estética e desinhibida, participando en danzas grupais e bailes e mostrando confianza e aceptación de si mesmo e nos demais.**

***Utilizar con supervisión do mestre, o pai, nai ou titor,-a hábitos saudables, de hixiene na clase de Educación Física.**

***Aumentar o nivel de resistencia cardiorrespiratoria, flexibilidade e forza muscular.**

***Planificar a realización dun produto ou unha tarefa establecendo metas, propoñer un plan ordenado de acción para alcanzalas, seleccionar os materiais, modificalo mentras se desenvolve, avaliar o proceso e a calidade do produto final coa axuda de guías de observación.**

No tocante á metodoloxía:

Utilizarase a aula virtual do centro para seguir o proceso de ensino-aprendizaxe. o non poder dar clases presenciais na súa totalidade. As actividades terán un carácter teórico-práctico e participativo no eido familiar e do entorno do alumnado. Recalcarase con insistencia nos hábitos saudables e a hixiene corporal. As familias estarán informadas e as actividades estarán secuenciadas por semanas. Neste caso a metodoloxía imperante será a do aprendizaxe cooperativa e tamén do modelo experiencial e o traballo por tarefas.

Os instrumentos de avaliación empregados serán a observación directa das tarefas resoltas e a participación en debates e intervencións

22. Programación Didáctica ED. MUSICAL

1. CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE, TEMPORALIZACIÓN

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
BLOQUE 1. ESCOITA					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ e 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Audición de música contemporánea, e investigación e valoración das posibilidades do son. ▪ B1.2. Identificación e apreciación das calidades dos sons do contexto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Utilizar a escoita musical para indagar nas posibilidades do son, de maneira que sirvan como marco de referencia para creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Identifica, clasifica e describe as calidades dos sons do contexto natural e social, utilizando un vocabulario preciso. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CCL ▪ CAA 	1º,2º,3º
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Identificación e apreciación de formas musicais sinxelas. ▪ B1.4. Identificación a través da escoita de tipos de voces (soprano, contralto, tenor e baixo), instrumentos, variacións e contrastes de velocidade. ▪ B1.5. Valoración e interese pola música de diferentes épocas e culturas, nomeadamente agalega. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Analizar a organización de obras musicais sinxelas e describir os elementos que as compoñen. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Distingue tipos de voces, instrumentos, variacións e contrastes de velocidade e intensidade, tras a escoita de obras musicais, con capacidade para emitir unha valoración destas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.2. Interésase por descubrir obras musicais de diferentes características, e utilízalas como marco de referencia para as creacións propias. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSIEE ▪ CAA ▪ CCEC 	1º,2º,3º
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ a ▪ d 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Audición activa e comentada de música variada da nosa cultura e doutras culturas. ▪ B1.7. Actitude atenta, silenciosa e respectuosa durante a audición de música e/ou na asistencia a representacións musicais. ▪ B1.8. Indagación sobre as normas que regulan a propiedade intelectual. Valoración e presentación dos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer exemplos de obras variadas da nosa e doutras culturas, para valorar o patrimonio musical, valorando a importancia do seu mantemento e da súa difusión, e do respecto co que deben afrontar as audicións e as representacións. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Coñece, entende e cumpre as normas de comportamento en audicións e representacións musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Comprende, acepta e respecta o contido das normas que regulan a propiedade intelectual canto á reprodución e a copia de obras 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	1º,2º,3º

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	resultados.		musicais.		
BLOQUE 2. INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ e ▪ k 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas davoz. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Entender a voz como instrumento e recurso expresivo, partindo da canción e das súas posibilidades para interpretar, crear e improvisar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Recoñece e describe as calidades da voz a través de audicións diversas, e recreaas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CCL 	1º, 2º
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ d/a 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretación de pezas con instrumentos de aula e/ou frutadoce. ▪ B2.3. Interpretación, memorización e improvisación guiada de cancións a unha ou varias voces, desenvolvendo progresivamente a dicción, a afinación e a técnica vocal. Canon. ▪ B2.4. Recoñecemento de tipos de instrumentos acústicos e electrónicos, agrupacións instrumentais e vocais, e rexistros davoz. ▪ B2.5. Utilización das grafías convencionais na lectura, na escritura e na interpretación de cancións e de pezas instrumentais sinxelas. ▪ B2.6. Gravación e rexistro das interpretacións para unha valoración e unha análise posteriores. ▪ B2.7. Interese pola mellora do proceso de interpretación e do resultado final. ▪ B2.8. Traballo cooperativo, asumindo as responsabilidades que lle correspondan e respectandoas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Interpretar composicións sinxelas que conteñan procedementos musicais de repetición, variación e contraste, en solitario ou en grupo, mediante a voz ou instrumentos, utilizando a linguaxe musical, asumindo a responsabilidade na interpretación en grupo e respectando tanto as achegas das demais persoas como a persoa que asuma a dirección. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1. Recoñece e clasifica instrumentos acústicos e electrónicos, diferentes rexistros da voz, e agrupacións vocais e instrumentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC ▪ CAA 	1º, 2º, 3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.2. Utiliza a linguaxe musical para a interpretación de obras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	1º, 2º, 3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.3. Traduce á linguaxe musical convencional melodías e ritmos sinxelos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	1º, 2º, 3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4. Interpreta pezas vocais e instrumentais de diferentes épocas, estilos e culturas para distintos agrupamentos, con e sen acompañamento 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	1º, 2º, 3º

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	achegas das demais persoas do grupo.		<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.5. Coñece e interpreta cancións de distintos lugares, épocas e estilos, e valora a súa achega ao enriquecemento persoal, social e cultural. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CCEC 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.6. Aмосa respecto polo traballo das demais persoas e responsabilidade no traballo individual e colectivo. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.2.7. Analiza as interpretacións feitas, recoñece erros e amosa interese por traballar para corrixilos. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	1º,2º,3º
<ul style="list-style-type: none"> i j 	<ul style="list-style-type: none"> B2.9. Creación de mensaxes musicais con contido expresivo, combinando elementos sonoros e corporais diversos. B2.10. Utilización dos medios de comunicación e de internet para a procura de información, en soporte impreso e dixital, sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais de interese. B2.11. Exploración das posibilidades sonoras e expresivas dos medios audiovisuais e tecnolóxicos para comunicar. Creación de cuñas radiofónicas e vídeoanuncios. B2.12. Utilización dos medios audiovisuais e dos recursos 	<ul style="list-style-type: none"> B2.3. Explorar e utilizar as posibilidades sonoras e expresivas de diferentes materiais, instrumentos e dispositivos electrónicos. 	<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.1. Procura información bibliográfica, en medios de comunicación e en internet sobre instrumentos, compositores/as, intérpretes e eventos musicais. 	<ul style="list-style-type: none"> CCEC CAA CD 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.2. Presenta e expón a información de xeito claro, ordenado e limpo en varios soportes. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CD CCL 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB2.3.3. Utiliza os medios audiovisuais e recursos informáticos para crear pezas musicais e para a sonorización de imaxes e representacións 	<ul style="list-style-type: none"> CD CCEC 	1º,2º,3º

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
	informáticos para a sonorización de imaxes, contos, poemas e refráns, dobraxe de películas etc., e para a creación de producións propias.		dramáticas.		
BLOQUE 3. MÚSICA, MOVEMENTO E DANZA					
<ul style="list-style-type: none"> ▪ j ▪ b ▪ h/d ▪ o 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Identificación do corpo como instrumento. Indagación e valoración sobre as posibilidades expresivas e comunicativas do corpo en distintas representacións artísticas ou situacións cotiás. ▪ B3.2. Valoración e recoñecemento das danzas e a súa contribución ao noso patrimonio artístico ecultural. ▪ B3.3. Interpretación de danzas coidando a coordinación individual e colectiva. ▪ B3.4. Invención de coreografías sinxelas para cancións e pezas musicais de diferentes estilos. ▪ B3.5. Gravación e rexistro das danzas interpretadas. Análise de valoración do produto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Adquirir capacidades expresivas e creativas que ofrecen a expresión corporal e a danza, valorar a súa achega ao patrimonio, e gozar coa súa interpretación como unha forma de interacción social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.1. Identifica o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións, e como forma de interacción social. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.2. Controla a postura e a coordinación coa música cando interpretadas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.3. Coñece danzas de distintas épocas e lugares, e valora a súa achega ao patrimonio artístico ecultural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CCEC 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.4. Reproduce e goza interpretando danzas tradicionais españolas, e entende a importancia da súa continuidade e o traslado ás xeracións futuras. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC 	2º
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.5. Inventa coreografías de grupo que corresponden coa forma interna dunha obra musical e supón unha orde espacial 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CCEC 	1º,2º,3º

ÁREA	EDUCACIÓN ARTÍSTICA (EDUCACIÓN MUSICAL)		CURSO	SEXTO	
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización
			temporal.		
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.6. Analiza as danzas realizadas, recoñece os erros e amosa interese por mellorar o produto. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.7. Respecta o traballo en grupo e participa nel de xeito pracenteiro, amosando confianza nas propias posibilidades e nas das demais persoas. 	<ul style="list-style-type: none"> CAA CSC 	1º,2º,3º
			<ul style="list-style-type: none"> EMB3.1.8. Amosa respecto polas demais persoas e colaboración con elas. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC 	1º,2º,3º

2. METODOLOXÍA

Actividade lectiva presencial

A metodoloxía levada a cabo basearase na actividade, promovendo a participación do alumnado e considerando que un obxectivo primordial será o desenvolvemento dos nosos instrumentos naturais, a voz e o corpo. Así pois, primaranse os aspectos prácticos, partindo desta para chegar á teoría. A linguaxe musical convencional irase introducindo progresivamente e dun xeito natural, partindo da experimentación e vivenciación previa dos conceptos ou elementos a coñecer.

Prestarase especial atención ó ambiente da clase e ás relacións de grupo. Tratarase de potenciar as propostas e creacións do alumnado, a nivel individual ou de grupo e fomentar unha actitude crítica a partir da valoración das propias actividades.

Nas diferentes sesións iranse complementando actividades colectivas, en gran grupo, con outros momentos de traballo en pequeno grupo ou individuais, nos que se propiciará a expresión creativa do alumnado.

Actividade lectiva semipresencial

Neste suposto, a semana que a actividade sexa presencial realizaranse actividades de carácter máis práctico e participativo. O traballo a realizar na semana que a actividade non sexa presencial estará a disposición do alumnado na aula virtual ou indicaráselle na aula durante a semana que están de xeito presencial, dependendo da complexidade ou particularidade de cada unidade didáctica.

Actividade lectiva non presencial

A metodoloxía levada a cabo nesta situación será a máis motivadora, activa e participativa posible. Estará baseada no emprego de cancións, audicións, exercicios rítmicos e danzas motivadoras que axuden a activar o interese do alumnado pola música. Serán actividades prácticas e lúdicas para propiciar unha aprendizaxe o máis amena posible.

Empregarase a aula virtual do centro ou o correo electrónico para entregar o traballo semanal, facendo posteriormente un seguimento da realización das actividades e propiciando un contacto o máis directo posible coas familias.

3. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O carácter práctico e de grupo das clases de música garante que cada alumno vaia

desenvolvendo as súas habilidades e capacidades seguindo o seu propio ritmo de aprendizaxe. Ademais, as actividades propostas irán en orde crecente de dificultade, de xeito que cada alumno poida acadar o seu propio nivel de realización e permitirán a introdución de modificacións para seren adaptadas á diversidade do alumnado. En calquera caso, prestarase unha atención máis individualizada a aqueles alumnos que presenten maiores dificultades.

4. MATERIAIS E RECURSOS

As sesións de Educación Musical en Primaria lévanse a cabo na aula de música, situada no primeiro andar do centro. As sesións de Educación Infantil terán lugar nas propias aulas de infantil. Para o desenvolvemento das sesións empregaremos os distintos materiais dos que dispomos nesta aula: instrumentos de pequena percusión e de láminas, obxectos sonoros, teclado, cadea musical, ordenador e dispositivos móbiles, proxector, bibliografía e discografía diversa. Tamén empregaremos o libro de texto “Melodía” da editorial Galinova, material elaborado por min e achegado polo propio alumnado, así como outros espazos e recursos do centro.

5. AVALIACIÓN

A avaliación será un proceso continuo de seguimento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da propia programación. Realizarase unha avaliación global, continua e formativa, tendo en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, que permitirá ir adaptando a programación ás condicións que vaia observando na práctica.

Ao longo das diferentes sesións recolleranse datos que permitan establecer o grao de consecución dos obxectivos propostos tendo en conta os estándares de avaliación establecidos para cada un dos cursos nos diferentes trimestres. Os procedementos e instrumentos cos que se levará a cabo a avaliación serán:

- **Observación directa** e sistemática dos alumnos, recollendo datos sobre o seu traballo diario (participación activa, interese pola materia, esforzo por mellorar) e o seu comportamento, actitude e destrezas adquiridas. Empregarase un **diario de clase** e un **registro anecdótico**.
- Análise das producións: producións musicais (rítmico-melódicas, instrumentais, vocais, motrices...), gravacións ou observacións directas dos compañeiros e posterior valoración. Empregarase unha listaxe de control para cada unha delas.
- **Actividades específicas:** exposicións, test, cuestionarios, ditados rítmico-

melódicos.

- **Intercambios orais:** diálogos co grupo, debates, postas en común e valoracións

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	Peso
Consecución dos obxectivos das diferentes unidades (atendendo aos criterios de avaliación e estándares establecidos na programación). <ul style="list-style-type: none">• Análise das interpretacións instrumentais e vocais (20%)• Análise das actividades de expresión corporal (20%)• Análise das actividades de escoita (20%)	60%
Traballo diario (Participación activa, interese, esforzo por mellorar)	20%
Hábitos educativos (Conduta e comportamento persoal, relacións interpersoais e cooperación cos demais)	20 %

das propias realización.

Para levar a cabo a avaliación teranse en conta os seguintes criterios de cualificación:

Estes criterios establécense tendo en conta que o primordial será crear un clima na aula que propicie unha actitude favorable cara a música e as actividades musicais, conseguindo así unha participación máis espontánea e activa por parte do alumnado que lles permita desfrutar ao máximo da música. Deste xeito, contribuírase ao desenvolvemento integral do alumnado.

6. MÍNIMOS ESIXIBLES

- Recoñece e utiliza elementos da linguaxe musical (redonda, branca, negra, corchea, semicorchea e os seus silencios, notas de do a re agudo, punto, ligadura).
- Coñece o termo *Da capo a fine* e o símbolo de repetición de compás.
- Recoñece o grupo rítmico formado por corchea e dúas semicorcheas e viceversa.
- Le e recoñece ritmos que empezan en anacruse.
- Interpreta cancións coa frauta e/ou instrumentos de placa con bo *tempo* e afinación.
- Coñece algunhas danzas das Comunidades Autónomas españolas.
- Coñece algúns datos biográficos e obras destacadas de compositores relevantes na historia da música.

- Coñece os instrumentos da orquestra sinfónica.
- Recoñece a muiñeira.
- Coñece algúns tipos de agrupacións vocais.
